

¡Galicia! Nai e señora,  
sempre garibiosa e forte;  
preto e lexos; onte, ago-  
(ra,  
mañán... na vida e na  
(morte!

R. CABANILLAS

# a nosa terra

Ano XXX

BÓS AIRES, AGOSTO 1946

Núm. 450

PRINCIPIOS DO  
GALEGUÍSMO  
1-Galicia, unidade culturais.  
2-Galicia, pobo autónomo.  
3-Galicia, comunidade cooperativa.  
4-Galicia, cíltiva de universalidades.

## Ficción e Realidade

### Política anglosaxona

Norteamérica e Inglaterra, que se esforzan —según elas— en lograr que a democracia impere en todo o mundo, usan dúas medidas diferentes para realizar o seu propósito. Dun xeito tratan aos amigos e doutro aos enemigos; mellor dito, unha é a conduta que ouserían os gobernos que lles obedecen incondicionalmente e outra a que adoptan con aqueles que non se lles doblegan.

Sucede que hai países que, despóis de sair das garras dos alemáns, constituiron gobernos formados por todos ou case todos os partidos populares; pero non conseguiron o recoñecemento de entradas democracias mentras non acataron as condicóns que elas lles impuxeron.

Outros hai que, ao anunciar a convocatoria a eleccións, recibiron, como palmetazo de domíne, a amenaza de que non sería aceptado o resultado delas, se non se verificaban con toda crás de garantías, para que o povo poidera eispresar libremente a súa vontade.

Algún eisiste tamén que se atopa baixo a inmediata presión das baionetas inglesas, coa culpa de que se quere evitar unha guerra civil. Hai, en fin, moitas variedades de intervencións, más ou menos encubertas, más ou menos xustas; pero todas encamiñadas, según as boas intencións, a conservar unha paz e a impedir que o feixismo volva de novo a ensanguentar a terra.

Parécenos moi ben todo o que se faga en beneficio da humanidade, desta probe humanidade, tan maltratada en todolos tempos e que sempre sirve de bandeira para encubrir torpes appetitos e maniobras turbas. Pero, para que se teña fe nas verbas, é necesario que se proceda ho-

nestamente, limpamente, cunha medida igoal para todos, coa xustiza por norma e o desinéntre por lei.

Nós apraudimos o que se trate de impedir o establecemento de réximes totalitarios, anti-democráticos, en calquera parte do planeta en que vivimos, ainda que sexa o lugar máis apartado da civilización. Estamos conformes; mais, señores, ingleses e norteamericáns, é mester obrar con lealdade para que as xentes honradas crean en vostedes.

Si Polonia, Rumanía, Bulgaria, etc., etc., merecen os desvelos e cuidados das grandes nacións democráticas para evitar que ditos países caian nas mans de minorías ousadas e formen un goberno que non sexa a fidel eispresión do povo, ¿por qué razón se consinte en Hespaña un réxime de forza, imposto polos armas nazifeixistas?

Acaso os hespánios somos de condición inferior aos povos más atrasados, e non somos diños de disfrutar dos privilexios que ten o país máis humilde da terra? ¿Por qué esa desigualdade irritante, que nos enche de sonroxo e de amargura? ¿Non é o povo hespánio un povo asombllado pola barbarie más espantosa e arrasado a sangue e fogo polos asesiños nacionaes e internacionaes, que destruiron unha República democrática, xurdida nunhas eleccións que foron a admiración do mundo enteiro?

Ah! A estos interrogantes contéstase con que non se pode intervir na política interna de ningún país, que hai que respeitar a soberanía e a independencia das nacións... Toda a retórica hipócrita dos que queren ocultar malas intencións sai a relocation para xustificar unha ai-

fúbrica". Verdade verdadeira que os hespánios poideron valorar a través da defensa heroica da súa terra, da griorria e arriante defensa, réplica de todolos xestas máis admirabres xungadas en mañífica unidade. A República Italiana, recién nacida, só trunfará cando callen na súa entrana os principios dos grandes italiáns i-abranca un contido social.

Italia, non hai dúbida, anceia afevoadamente unha leal amistade con Hespaña, i-ó decir Hespaña falamos da representada polo seu lexítimo goberno no exilio. Italia, pra reconquerir o seu creto como povo, ten que limpar a forza d'auga de nídea conduta a sucedade que a enlixou durante os longos e terribres anos de desgraza feixista, desgraza allea ó auténtico sentimento popular. O mesmo que Hespaña deberá borrar ista maura décadna na que o xeneralísimo, en compriçade con tantos e insospeitados colaboradores extranos, a debruzou. Italia con Mussolini foi tan pouco Italia como Hespaña é Hespaña con Franco.

Con vos chorona — pranto d'eisportación — o xornalista Baileich esquirbe dende Roma pra "La Prensa" (20 de agosto) un artigo no que manifesta que os xornales d'esquerda ita-

### CASTELAO EN PARIS

Xa temos ao noso persoero na capital da França. Xa está no seu posto de loita, disposto a dar o mellor do seu espírito en prol da República e de Galiza.

Non sabemos o que nos reserva o porvir; non podemos adivinar si a sorte nos será propicia ou si os maes continuarán cravándonos as súas garras; mais o que non duvidamos en afirmar é que Castelao non haberá de defraudarnos as nosas espranzas.

Con toda firmeza, anque tamén con toda lealdade, como compre a un home que ten a decencia por liña de conduta, Castelao sosterá os seus ideaes, que son os nosos; non se prestará a ningunha componenda nin a ningunha intriga; a súa sinxeleza será un exemplo para os que non saben andar máis que por camiños tortos.

Nel confiamos cegamente, porque temos a seguridade que non os enganará con verbas falsas. Poderá equivocarse —¿quén non erra neste mundo?—; pero endexamais dos seus beizos sairá o que non esté no seu corazón.

O goberno republicán no exilio pódese gabar de ter no seu seo un home diño e o verdadeiro representante do povo galego.

titude claudicante e vergonzosa.

Non, non hai tales escrúpulos de intervención. Non é o respeto á soberanía nin á independencia o que contén a esos falsos demócratas, que con verbas rimbombantes pedrigan o que non poñen en práctica máis que candoo lles convén aos seus non confessados intereses. Porque, se así non fora, ¿cómo se xustifica a intervención nuns países e noutrous non?

¿Por qué se intervén na política de Polonia, Rumanía, Bulgaria, Grecia, Italia, e non se intervén na do meirande asesinio que ainda queda vivo no mundo?

## O Dr. Negrín Apoia ao Goberno de Xiral

### O deber de todo republicán

Desmintindo rumores que circulaban sobre a actitude do doutor Negrín, referente ao goberno que preside o doutor Xiral, o ilustre político socialista, segundo noticias chegadas de França, declarou que era mester apoiar "incondicionalmente" ao actual ministerio.

Tales declaracóns foron feitas nun mitin que se celebrou en París e que foi organizado polos seidores esquerdistas do partido socialista obreiro hespánol.

Pero, ademais, o doutor Negrín, ao conversar cos representantes da prensa, repiteu o que había afirmado no seu discurso, para que non houbera lugar a dúbidas no relativo á súa maneira de pensar.

Esta é a postura lóxica e patriótica que todo republicán consciente debe tomar. Hai un goberno que foi elexido con arreglo os preceptos constitucionais e, sober de todo, con arreglo ao senso común, pois ese goberno debe ser recoñecido e acatado por todos os que teñen intrés en que a República impere de novo en Hespaña.

Obrar doutro xeito significa facerlle o xogo aos nosos enemigos e aos que nos enrostran de cotío a súa desunión para xustificar unha aititude de passividade, cando non de complacidade, fronte ao feixismo peninsular.

Outro gallo nos cantara se, desde o primeiro, houbéramos presentado un bloco compacto para derrocar ao falanxismo, demostrando así a súa capacidade para gobernar e a súa cultura de pensamento. Deixámolo, en troques, levar de intre-

ses bastardos e de ambiciones desmedidas, e dese modo recolleremos o froito amargo que nos acibara a i-alma.

Quen, neste momento, non adopte a diña aititude do doutor Negrín, meresce ser tratado como o máis peligroso enemigo da República. Poida ser que moitos que ocuparon outos cárregos na Hespaña republicana non teñan desexo de regresar á patria, e por elo fan todo o contrario do que aconsella a máis elemental prudencia; pero que deixen o vieiro para os que non se acaben de presentarse diante da seu povo para responder das acusacións esperadas.

E moi lamentabel ver que nadal se fai pola parte das nacións democráticas para restablecer o lexítimo réxime que anceia a nosa terra; pero ainda é máis lamentabel ver a desunión que domiña aos seidores republicáns. En nome de quén vamos a eisixir o apoio de todos os países democráticos, se nós mesmos escomenzamos a negar á autoridade do noso proprio goberno?

Non, non os fagamos ilusións nin lle botemos a culpa dos nosos maes aos alleos; somos nós e soiamente nós os únicos responsables de todo. Si houbera unha verdadeira unión entre os elementos antifeixistas, tanto dentro como fora de Hespaña, a estas horas non eisistía o monstro que convirteu a nosa patria nun montón de ruínas, moraes e materiaes, que constiutuen a vergonza dos que amamos a terra onde nacimos e que quixéramos que fora a máis fermea, a máis fidalga e a máis grande do mundo.

## A Repúbrica Italiana

## Italiana

A República, "pra trocar ós homes de servos en ciudadáns, e doarles o coñecemento da súa misión propia, da súa propia forza, da súa propia dignidade".

G. MAZZINI.

Festexábamos, hai pouco, o advenimiento da República Italiana, e ante os presentes, cásque todos italiáns, enxubres, itálicos dos bós, acoguidos do espírito inmorrente de Mazzini e Garibaldi, atopábase un galego dos "bós e xenerosos" e, como tal, amante da liberdade e da xustiza. Ise galego — Núñez Búa — ameado ós italiáns no ideal común, falou por pedido de todos. E dixo barilmente verbas que sortían, acesas, sen retóricas, do seu nobre curaón, ditadas polo súa propia experenza. Doaba a nos d'álarma: non deixarse engaiolar polos cantos de sirena dos repubricáns do deradeiro intre, non esquecer os aldraxes — xa que o esquecemento non é virtude cando se trata do porvir dos povos —; non cair nos erros, que tan caro pagou a República Hespanola.

"A República, un Estado repubricán, deberá ter un fondo contido social. De outro xeito non será unha re-

lacións mostran solidaridade cos movimentos esquerdistas de todo o mundo encol do réxime franquista, o que, no seu parecer, é unha contra pra o acercamiento e conómico entre Italia e Hespaña. E sen declaralo, ante llinas, láiase d'elo.

Na mesma crónica reproducense verbas do ministro socialista Nenni nas que manifiesta que os socialistas no goberno non son ceibes pra estableceren relacións formales co goberno Xiral. E decir, que o goberno d'Italia é un goberno controlado, acercado.

Por qué, perguntámonos, Inglaterra non consinte en que se faga en Italia unha política repubricana e socialista? Si Inglaterra é laborista, i por qué non deixa en liberdade a Italia pra que descubra a súa política de renovación social? E' mellor non falar de Inglaterra, da súa política de mercader retorto. De lonxe vese a man de Londres na restauración das relacións económicas entre as dúas peninsulas. Inglaterra é o principal animador pra que a Italia repubricana e a Hespaña franquista esteán en bos termos. O acercamiento de Italia e de Franco non é querido polo povo italiano, admirador cordial do verdadeiro povo español, que aísla é a restauración

da República.

Por todalas bandas está rodeada de perigos a nova República mediterránea, e se non acada a veneiros abafarana. E' mester que a República siga a liña que encetaron os guerrilleiros. Xustiza real sen formalidades de trámite burocrático.

O partido político maioritario — o Demócrata Cristián — ten menos votos que as esquerdas xuntas. E' unha misura que, nos comenzaos, surdeu das hostes do Partido Popular de Don Sturzo e que xungue agora toda crás de elementos: dereitistas de todo pelo, feixistas, arribistas, andan revoltos nas súas fías pra medraren á soma do clero. A ideia que os abrangue é a do catolicismo, más non son católicos d'esenza e concenza. Trátase de un catolicismo que bolina cara o rumbo que lle da o Vaticano. Outra vegada ten prena aitualidade a frase de Cavour: "Un Estado dentro do Estado".

A dualidade, a falla de rectitude na conduta dos tránsfugas representados polo maioría do goberno ficou descuberta na derradeira elección, na que dou o trunfo á República. O voleo cara a Monarquía claudicante foi manifestada nas furnas non embargantes polo Repùbrica. Ista dualidade vede

dar axiña, se non se sabe cortar con man firme, a Repùbrica na coba.

Si en Italia se persigue ós guerrilleiros que loitaron pola liberdade, se deixan os seus postos ós embaixadores feixistas convertidos de súpito en demócratas-cristiáns, si se tecen toda crás de acomodos internacionais o rexedor do problema italiano, axiña ollaremos como ise povo cheio de mágoas e no escepticismo e ben pode ser presa de un neofeixismo que xa está infiltrándose en moitos povos polos meios inconfesabres que sabe empregar o feixismo internacional.

Anceiamos a fradernal amistade da República Italiana con Hespaña, pero a Hespaña democrática e repubricán. E dónenos agora que im Sforza, representante oficial do goberno de Italia, veña a decir que Mussolini non era un criminal, senón un parvo. Dónenos tamén como si un repubricán hespánio dixese ó mesño de Franco. Dicir semellante cousa acusa pouco asimismo a Hespaña democrática e repubricán. E dónenos tamén como coidamos, un home intelixente, as súas verbas teñen que ser insinceras e acogulan os espíritos dos bós italiáns de desacougo e de dúbida.

A. LEGATTI.

# O Día de Galiza en México

## Foi Celebrado Locidamente Pol-os Galeguistas

O 25 de Xulio derradeiro, consagrado pol-o povo galego coma súa máxima data cívica co nome de "Día de Galiza", foi dinamente celebrado en México polos patriotas galegos eisilados e antergos residentes con dous aitos de outa categoría orgaizados pol-a Sección México do Partido Galeguista: unha transmisión radial o mesmo "Día de Galiza" en un banquete na noite do sábado 27 de Xulio.

### A TRASMISSION RADIAL

Foi feita dende os estudos da importante emisora "Radio Mil" polas súas dúas ondas: larga e corta, o que permitiu ser ben escoitada, non somentes en toda a nazón mexicana, senón tamén en todolos países de Centro-América e as Antillas. A trasmisión abarcou dende as 9 as 10 da noite, do xoves 25 de Xulio.

Foi iniciada con unhas verbas de salutazón ao povo mexicano eisilados ditas pol-o Segredario Xeral da Sección México do Partido Galeguista, irmán Roxelio Rodríguez de Bretaña, quen finou a súa alcuzón coa vibradoira frase de: "Galegos, de pé diante o altar da Patria". De seguida foi interpretado o Hino Galego. Logo desenrolouse en un magnífico concerto de cantigas galegas entre as cales fóreron dicindo axeitadas arengas patrióticas galegas. Pechou a pirmeira parte do programa, o brillante recitador "Pancho de Rábade" coa interpretación dun poema galego.

A segunda parte do programa consistiu nunha disertación a cargo do Presidente da Irmandade Galega de Bós Aires, accidentalmente de paso pol-a capital mexicana. O irmán Prada,

pra axustarse as disposicións oficiais que rixen pras trasmisións de discursos ou conferenzas pola radio, dixo en castelán, e coa discreción obrigada pra o aspeito político, o seguinte:

A los hermanos gallegos:

A los mexicanos amigos:  
Por el claro puro aire mexicano, —claro y puro como el corazón de este México que nos acoge con calor y solidaridad fraternal—, por este aire que sabe tanto y tanto del amor de los hijos a la tierra matriza, que tanto y tanto alentó a los nativos en sus gestas patrióticas y en sus heroicas y legendarias luchas por la libertad y la justicia... por aire tan propicio va a navegar hoy un poco del ingénito lirismo de mi adorada Galicia en función de mensaje de fe y de esperanza, dirigido a los hermanos gallegos que por estas latitudes, saturados de "saudade" y sufrientes de "morrifia", viven con el corazón y el alma en permanente entrega y felicidad "a Terra garmosa", "aos eidos nativos", "a Patria fermosa" que en estas horas, —que debieran ya ser de júbilos reparaciones—, aun yace sumida en desventura y transida de tristezas y dolores.

Hoy es el Día de Galicia. Es el día pleno de Galicia. Lo es, en el doble aspecto: en el religioso y en el civil.

En el religioso, para venerar y exaltar la figura del Apostol Santiago, el auténtico: el Santiago cristiano, humilde peregrino que llegó a nuestras tierras y las recorrió a pie, en misión de paz, para sembrar ideales de amor, de justicia y de fraternidad; no el guerrero Santiago, falsificado, que fué inventado por mentes, felizmente nogallegas, presentándolo en grotesca actitud bética, sobre brioso corcel blandiendo flamígera espada, para servir eruelas políticas imperialistas; invención y falsificación que constituyeron la mayor falta de respeto al dulce Jesús de Galilea y la más plena negación de su bella doctrina, del cristianismo, que su discípulo, Santiago el Mayor, fué a predicar a los pueblos ibéricos, porque es conveniente y justo que se proclame y se sepa, que Galicia nada tiene que ver con el Santiago ecuestre y guerrero, símbolo de intolerancia que gusta de imponer la fe a sangre y fuego; Galicia, sus hijos creyentes, solo sabemos y solo queremos saber del Santiago peregrino, humilde y humano, que procuró encender la fe por los solos medios de la persuasión y del amor.

La leyenda y la verdad histórica, que se conjugan en las esencias del Día de Galicia, son de belleza extraordinaria. Ideales de paz, de amor, de fraternidad y de justicia; de defensa de los humildes contra los prepotentes, de dignificación de la persona humana, de redención de los esclavos, de libertad ciudadana, de prevalencia del espíritu libre sobre la fuerza bruta... tal la doctrina, revolucionaria y redentora, que un hombre civil, humilde y desamparado, que llegara del Oriente presentó sencillamente, sin boatos, sin engañosas y sugestionantes magnificencias, a las gentes gallegas, ¡Ah, si hoy el bueno de Santiago Apostol repitiese su faena evangelizadora por tierras ibéricas ecorrería el grave peligro de ser encarcelado y fusilado, como rojo peligro!

Santiago peregrinó por las tierras gallegas, caminó sus caminos, caminó sus angostas "corredoiras", caminó sus valles paradisiacos, caminó sus montañas y, al agarrimo de los "piñeiros y carballeiros" o sobre los dolmenes sagrados o sobre peñas señas, predicaba su bella doctrina. Y el pueblo gallego, de suyo espiritualista y de encendido lirismo, acogió con simpatía los hermosos deires, la doctrina de amor y de redención del apostol peregrino, deires y doctrina que, lejos de chocar, se ceñía díutilmente

a la actótona pagania, dulce y humana, exenta de sacrificios crueles, heredada de los antepasados celtas; pagania serena y bella al aire libre, a base do al noble majestad del roble, de la serenidad de las peñas, de los cantarinos "regueiros", de las verdes praderías y de las perfumadas flores. Galicia se hace cristiana, pero infundiéndole a su cristianismo el aroma y regocijo de su placentaria pagania. La Virgen de la Franqueira, allá por tierras de Mondariz, aún hoy comparte los severos rituales eclesiásticos con las danzas y los bueyes y las flores de la alegra pagania ancestral que perdura en lo más recóndito del espíritu do pueblo gallego.

La leyenda cobra emoción y colorido máximos. Santiago peregrino regresa a sus tierras de Oriente; va cautivo de los encantos de Galicia; va con la "morriña" clavada en su espíritu y anhelante de volver a gozar de los divinos paisajes gallegos. Pero su destino era otro. Allá, es degollado por la残酷 de un tirano, por la intolerancia de un dictador, que es de la misma especie, de igual mentalidad e idéntica contextura moral (mejor dicho: inmoral) de los tiranos y dictadores que nuestra generación padeció y aún padece. Sus discípulos más amigos, recogen su cabeza y su cuerpo que depositan en una barca de piedra, la cual, guinda por reluciente estrella que navega por el azul Mediterráneo, desemboca en el Atlántico y lo remonta hasta las proximidades del temeroso Finesterre, para ir a rendir viaxe en orilla de tierras gallegas de Paadrón que son dominios de la Reina Lupa. Y en carro de bueyes, que la Reina Lupa piadosamente proporciona, la cabeza y cuerpo de Santiago son llevados tierra adentro y sepultados en las entrañas del Libredón. Los discípulos-amigos cumplieron los deseos del Apostol—maestro; lo dejaron descansando en la humedad y dulce tierra gallega. Luego fué: el pertinaz brillar de estrellas sobre el Libredón, el encenderse luces en la maleza y el obispo que interpreta las señas misteriosas y que descubre el sepulcro con la cabeza y el cuerpo de Santiago; luego, la eclosión de Compostela, —"Campus Stela"—, la Galassia, camino de estrellas que guía a la humanidad creyente, desde todos los rincones de Europa y de Asia, en incesante peregrinación al corazón de Galicia; a Santiago de Compostela que se equipara, en categoría cristiana, a la propia Roma de los Papas.

Y a la par de la leyenda de la viajera barca de piedra, de estrellas y de luces, la historia registra episodios de semejantes curiosas. La doctrina cristiana, predicada por Santiago y la actótona pagania y espiritualidad de Galicia, cuajan en la grandiosa figura gallega de Prisciliano. Prisciliano, sacerdote virtuoso y de excepcional talento, ilustre obispo que llega a ocupar la sede de Avila, conjuga genialmente, lo divino y lo humano, en una religión tolerante suave, dulce amable y humanizada; en definitiva: de esencia espiritual gallega. Y sobreviene el choque con la intemperie inéptica y la inhumana tolerancia de aquellos obispos y jerarcas eclesiásticos nacidos en meseta desértica, en tierras secas y bajo sol rabioso que calcina cuerpos y almas. La lucha de Prisciliano con la ortodoxia férrea e intransigente, dura, cesuña y triste, es angustiosa y dramática. Y no le vale que lo defienda un obispo ilustre no peninsular, el santo que compartió su capa con un mendigo, San Martín de Francia. Prisciliano tuvo que dejar Galicia y aun España. Pero no le valió: más allá de tierras de Francia, en la histórica ciudad germana de Treveris lo alcanzó el odio y la intolerancia. Y allá fué decapitado. Sus discípulos —amigos, lograron rescatar y esconder su cabeza y su cuerpo. Y aun que sin pruebas fehacientes investigadores de la historia, —con más lógico fundamento que la leyenda del viaje de la barca de piedra— apuntan la posibilidad de que los discípulos —amigos de Prisciliano— llevaron ocultamente su cabeza y su cuerpo a darle sepultura en su tierra nativa: en tierra gallega. Y de ahí que, el gran Unamuno, planteó el interrogante de si Galicia, el 25 de Jullo, veneraba los restos del Apostol Santiago o los del ilustre herey Prisciliano. No tiene mayor importancia el buscar la verdad exacta. En uno u outro caso Galicia, nuestra Galicia auténtica y eterna, venera a quien supo amarla e interpretarla, a quien supo comprender y respetar su esencia espiritual, a quien le habló de dignificación del ser humano,

tolerancia, de libertad y de sincera fraternidad; llámase Apostol Santiago o llámase Prisciliano.

Y en el aspecto civil, este es el día adoptado por el pueblo gallego, —espontáneamente, sin decretos gubernamentales, sin que sea fecha de heroica acción guerrera—, para venerar y exaltar a Galicia nuestra patria, cívica de universalidad, a Galicia virtuosa, a Galicia exemplar que solo aspiró y aspira a cultivar su predio, a vivir en paz y en libertad, a procurar la felicidad de sus hijos por medio del trabajo intelectual y corporal, en dignidad de plena y activa ciudadanía, en igualdad y en fraternidad; y con el corazón y los brazos bien abiertos a los demás pueblos de las Españas y a la humanidad entera.

Y, además, el Día de Galicia es para el pueblo gallego, sin fanfarreneas, sin gestos bárbaros pero sí con decisión y con fe, día de rotunda afirmación de su personalidad nacional y de reclamación de sus legítimos derechos históricos. Y es día de recordación. Es día de mirar y examinar el pasado de Galicia para mejor administrar el presente y proyectarse con acierto hacia el porvenir. Es día de admirar, allá en la lejanía de los siglos, a los patriotas gallegos que prefirieron quitarles la vida en la cima del Monte Medulio, acorralados por el invasor romano, antes de vivirlas en libertad; es día de engrulecerse con las gestas de los "irmánanos", rebelándose contra la barbarie de los señores feudales del medioevo. Rebeldes con las cuales, los labriegos gallegos, se adelantaron en siglos a las revoluciones inglesa y francesa; es día de meditar sobre la decapitación del Mariscal Pardo de Cela ordenada por los Reyes Católicos en castigo y venganza de su tenaz defensa de las libertades y derechos de Galicia; y es día de meditar en el trágico silencio de cuatro siglos que el despotismo centralista de la meseta castellana le impuso a Galicia al privarla de sus derechos nacionales, al ahogar su cultura que era de las más brillantes de Europa, al echar sus riquezas económicas priviendola de comerciar con el resto de Europa y con América, al prohibir el uso oficial de su lengua, del idioma gallego, que era de los más desarrollados y aptos de la península, al punto que el gran poeta castellano Menéndez y Pelayo, apoyándose en el Marqués de Santillana, afirmó que en lengua gallega compusieron sus poesías líricas los más altos ingenios peninsulares porque aún el idioma castellano no era instrumento adecuado para ello; al privarla, incluso, de representación en las Cortes de España: por ella hablaban los Procuradores de Zamora; es día de mirar, con ojos bien abiertos y el corazón bien templado, la ruta de liberación que le trazaron al pueblo gallego los hombres de la revolución de 1846, quienes, en su famoso manifiesto, reivindicaban los derechos de la Nación Gallega, y los gloriosos precursores: Vicetto, Aguirre, Murguía, Pondal, Brañas, Curros Enríquez y la inmensa Realia de Castro, y las magnas Asambleas nacionalistas de Lugo y de Santiago y el millón de ciudadanos gallegos que el 28 de Junio de 1936 plebiscitaron el Estatuto de la Autonomía Gallega; y, por último, los miles de héroes-mártires gallegos, de todos los credos y partidos políticos democráticos, con el gran patriota y católico Alejandro Bóveda a la cabeza cayeron fusilados o asesinados despiadadamente por el totalitarismo bárbaro militar-fascista.

Presidió a mesa o señor Embajador da República Hespanola en México, don Lois Nicolau D'Oliver, esgrevia figura do catalanismo. Acompañábanlo na cabecera o señor Sub-segredario do Goberno Republicano e diputado vasco don Xulio Jauregui, o diputado catalán señor Zulueta, eo segredario xeral dos ga-

Dios y la Naturaleza, con su personalidad histórica, con su lengua y sus costumbres y con su magnífico lirismo que embellece y perfuma su existencia. Fé y esperanza, puestas hoy —para remontar las horas cruciales que vivimos— en el hombre que, por sus virtudes, sus méritos, sus servicios su entrega absoluta a la gallardía, constituye ya un símbolo de Galicia: Alfonso R. Castelao, en cuyas manos, la colectividad gallega de Buenos Aires, compuesta por 300 mil emigrados, acaba de poner una hermosa bandera gallega, bordada en oro y plata, para que, en un mañana próximo, la haga ondear jubilosa en nuestra Galicia redimida.

Irmáns gallegos; mexicanos amigos; a todos os envío o saludo simbólico de TERRA A NOSA.

A terceira e última parte do programa radial consistiu en interpretación de música e de cantos populares galegos e de recitados feitos por "Pancho de Rábade".

### O BANQUETE

Foi servido nun dos salóns do Hotel Majestic da capital mexicana. O recinto aparecía bellamente engalanado con bandeiras de México, da República Hespanola e de Galiza. Os menús locían cintas de seda formando os coores da nosa bandeira galega. Ademais, sobre de cada plato, había unha cartulina coa letra e música do Hino Galego.

Presidiu a mesa o señor Embajador da República Hespanola en México, don Lois Nicolau D'Oliver, esgrevia figura do catalanismo. Acompañábanlo na cabecera o señor Sub-segredario do Goberno Republicano e diputado vasco don Xulio Jauregui, o diputado catalán señor Zulueta, eo segredario xeral dos ga-

## Casa OTERO

### Placas Radiográficas

#### Artículos de Calidad ELIOT

Para Farmacias y Hospitales

Agujas y Jeringas Hipodérmicas  
Catgut, Guantes, etc Perfumería

#### GENERAL URQUIZA 624

U. T. 45, Loria 8273

### Camisería de medida fina

#### PREZOS BOS

## BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

## CASA DURAN

### • SOMBREIROS

### • CAMISAS

### • BONETERIA

### • PANTALOS

30 Gral. Bosch 30

AVELLANEDA (PIÑEIRO)

U. T. 22 - 440<sup>5</sup>

Acumuladores

"Beti - Bat"

SON OS MELLORES

Rúa Corrientes, 474

ROSARIO

RESTAURANT E BAR

"ADUANA"  
de E. Abelaira & Cía.

A CASA PREFERIDA POL-A  
COLEITIVIDADE GALEGA

San Lorenzo esq. Maipú  
ROSARIO

Sociedad Cafés

"LA VIRGINIA"

Vélez Sarsfield, 1151

Rosario

# Valores Galegos de Hoxe

Nesta sección iremos dando a coñecer esquematicamente a laboura dos homes que contribuyen co seu esforzo a soerguer o espírito e a formar o melloramento intelectual e material da nosa terra.

## Ramón Otero Pedrayo

Naceu en Ourense, na derradeira década do século XIX. A súa formación espiritual, as súas emocións intelectuais de adolescente están recollidas no libro autobiográfico, publicado en Bós Aires pol-a Editorial "Nova", "Adolescencia". Na súa alma abrochou a rara frola da cultura prensana: galanure poética, eisencia científica.

En Compostela estudiou a carreira de abogado i-en Madrid a de Filosofía e Letras. Adicou a súa ativididade profesional ó ensino, conquerindo, moi novo, por oposición, unha cátedra de xeografía en Santander, cátedra que, desde 1925, desempeñou no Instituto de Ourense, deica 1936, que, por disposición do goberno franquista, foi separado da súa cátedra, polo delito de haber representado a Ourense, como diputado galeguista nas Cortes Constituyentes da República. Actualmente vive cásque arreio, dedicado ó estudo, no seu pazo de Trasalba, auntamento de Amoeiro.

A xeografía, a historia, a novela, a biografía, a investigación literaria, ocupan seu acougo a súa laboura intelectual, concretada en artigos, ensaios, conferencias i-en máis de 30 libros publicados, a maioría en galego, entre iles os seguintes:

Xeografía: "Síntesis de Xeografía Galega", "Guía de Galicia", "Peregrinaxes", "Paisajes y problemas geográficos de Galicia", "33 lecciones de geografía".

Historia: "Historia de la Cultura Gallega", "Lecciones elementales de historia", "Galicia do Sul no século XVIII".

Crítica Literaria: "Romantismo, saudade, sentimento da Terra", "Lembranza de Goethe".

Novela: "Os camiños da vida", trilogía formada por "Os señores

Checoslovaquia e Hungría reconócen o governo de Xiral

Velequí outros dous países que entablan relacions co noso goberno republicán.

A nación que foi a primeira en ser asoballada polo nazis e a que loitou ás órdenes do feneccido eixo, ao romper coa España feixista, que agora tan grata paresce a certas potencias democráticas, achégase ao verdadeiro povo español, otorgándolle a súa amistade polo intercambio do único goberno que o representa.

Non é de estranar o paso dado por Checoslovaquia, víctima da barbarie xermana, culminada no arraso de Lídice; pero é curioso ver cómo permañecen nunha pacifidade tocante países que deberían ser os primeiros en recoñecer o goberno de Xiral, mentres un dos ex aliados nazifeixistas, e non dos menos entusiastas, realiza o que non son capaces de realizar os que más obriga tiñan de facelo.

## O Sr. Rodolfo Prada regresou a Bós Aires

Despóis dunha ausencia de case un ano, o noso moi querido amigo e presidente da Irmandade Galega desta capital, Sr. Rodolfo Prada, atopase de novo ante nós, disposto a seguir loitando polo sagros ideaes da nosa Terra.

Na compaña da súa dona, visitou primeiramente o Portugal e a Galiza, cuxas principaes ciudades percorreu con verdadeira ledicia de namorado.

Pasou logo a Cuba, de onde parteu para México; e ao cabo dunha longa estada neste derradeiro país, dou a volta para a Arxentina, deténdose en Venezuela, o Perú e Chile.

Inútil é dicir cántas son as impresións que Prada recolleu na súa variada tournée e que seguramente nos fará gostar cando se haxa reposto das fatigas do viaxe.

Fino ouvrier, teremos nel un mensaxeiro sinxelo que nos enterará de moitas cousas, que non comprendemos ben, con respeito ao que pasa nos países que por él foron recorridos.

Celebramos o seu feliz arribo a estas terras con verdadeira efusión de irmáns.

## O Dr. Serra Moret vai a París

O noso distinto amigo e conselleiro da Xeneralidade, doctor Serra Moret, abandonou a Arxentina o día 14 do mes da data, rumbo a Santiago de Chile.

Antes de chegar á capital de Franzia, pensa visitar varias repúblicas hispanoamericanas e Nova York, dirixindose logo directamente a París, a fin de ocupar o seu posto no goberno de Cataluña no exilio.

Facemos votos para que teña un feliz viaxe e un éxito halagüeño nas funcións que lle esperan e que, dada a súa capacidade, non duvidamos que desempeñará con todo acerto.

## Un Aplauso e Urha Carta

Con verdadeira satisfacción publicamos a eloxiosa carta que, oportunamente, lle enviou a Direitiva da Irmandade Galega, ao noso irmán Francisco Regueira, e que dí así:

Bós Aires, 26/6/46.

Síñor Francisco Regueira. — PRESENTE.

Distinto irmán:

Temos o honrío de facer presente a vosté que na asamblea realizada o 14 do cte. mes, co fin de elevar nova X. D., os asambreistas acordaron, por unanimidad, tributarlle un aplauso en agradecemento de tanto lle debe a nosa Irmandade e toda a galeguidez, ao seu traballo, a súa intelixencia i-ao seu grande amor a Terra; istes tres atributos que vosté possee en grado sumo e que non regatea en por ao servizo da nosa causa, deron como froitos os mañíficos éxitos alcanzados polo aitos ca nosa Irmandade orgaizou, os cales, sen a súa cooperación, non houberan nunca conquerido as proporcions a que chegaron, tal como o que conmemorou o IXº aniversario do Plebiscito do Estatuto Galego en Montevideo, que estivo ao seu cárrego e cuio éxito ainda non foi igoalado.

Pro, non é do caso enumerar eiquí, todo canto vosté ten feito como loitador infatigabel, ¡qué é moito!, o que nosoutros desexamos é interpretar ante vosté o sentir da asamblea que, en un intre cheo de emoción, eispresou, nun longo e afervoadó aplauso, toda a gratitud, todo o respeto e toda a admiración de que vosté é acreedor.

Con iste grato motivo, reciba vosté as nosas felicitacións, i-o noso afectísimo e cordial saúdo.

XOSE B. ABRAIRA

Segredario

DANIEL CALZADO

Presidente

## Verba Maxistral

Baixo o tíodo xeral de "Verba Maxistral", aparecerá en todos os números de A NOSA TERRA un artigo de algún dos mestres da galeguidez, publicado fai anos niste ou n-outro xornal. Encetamos a sección con un artigo do mestre Otero Pedrayo.

### O SER INMORREDOIRO DE GALIZA (1)

Que se non extrane ninguén da aparente vulgaridade de istas prosas. As esencias vides de un pobo non poden dexamais seren esquecidas. Non será valcro meditar encol elas. Os intres atrebados, as infiñencias alleas, a mesma xenerosa paixón, poden embrullar os datos e as soluciones dos probremas, amingoar coa millor intención os ideaes. Trátase de un pobo. Lóitase polo futuro de unha cultura. Convén vivilos no tempo da historia íntima, e non apreixados nas horas do tempo superficial da política.

A nosa xeneración e más a que ven a pós de nós atoparon unha Galiza en trances de morte. Soio os poetas tiñan seguido conscientes i-entusiastas a mesma lei que escuramente guibia aos labregos na cotián creación da Terra. A cultura como o espírito, a patria como a alma fanse en cada intre. Na Galiza a estrofa e o arado facian a mesma semenza de vida. E dista fonda e maina vida animada polo espírito do tempo roánico, de laidez barroca, do ideal romántico, tína de nascer unha política: o Galeguismo.

Todas as determinantes do Galeguismo eisistían no ser da Galiza: mais latentes, en potencia, apenas desenvolvidas. Os elementos da organización social, económica e política viven na historia galega, nados, mais

### A sociedade A. B. C. do Partido de Corcubión celebrou o seu 24º aniversario

#### FOI UN AIUTO SIMPÁTICO I-ATEGADO DE EMOCIÓN GALEGA

O día 24 do mes de Agosto, levouse a cabo no restaurant Marcone a cea coa que a Sociedade A B C Corcubión celebrou o seu 24º aniversario.

Foi ista conmemoración un acto social de grandes proporciones e de grande emoción patriótica. Houbo ambiente e tónica galegos. A Terra, as grandes figuras do noso rexurdimento nacional, o intre presente, cheo de preocupacións i-arelas de libertade, de autonomía e de democracia, foron notas que se viviron e que puxeron calor e cordialidade íntima o redor da mesa dos naturales de Corcubión, que representaba dignamente a Galiza emigrada.

A NOSA TERRA recolle esta manifestación de galeguidez co agarimo que meresce o patriótico latexar dos curazóns ben nados, que polo mundo adiante van pregoando os inmorrentes atributos do noso país e da nosa cultura.

Sempre máis han ser louvados [cada día.]  
En nós iles de cote vivirán.  
Y eles falarán, sempre, [sempre.]  
E os que fono i-os que señan [decote os ouvirán.]

W. B. JEATS.

non desenvolvos, encubertos polo sistema da sociedade e do Estado unitario da España. Non morreron endexamais, non poden morrer. Procurados, desconocidos, postos ao marxe, alentan angueiros e desesprazados na griseira tristura da historia moderna da nosa Terra. E como un podente carballo o que se lle quer dar a forma xeométrica de un buxo de xardín.

A célula social é a familia fortemente avencellada polo amor, o respeito a muller, o imperio da tradición petrúcia — esencias de forteza, prudencia e esperanza. As formas políticas, a parroquia e a comarca, dentro da unanimidade da terra galega.

A familia e a parroquia son vivir interior que conxuga a concencia dun pasado e a seguranza de un porvir. Dende os orixens históricos o mesmo tema pasa pol-as xeneracións. O abó pensa nos lonxanos netiños, o home aitual sabe seguir a angueira do abó.

O contrario da familia e da parroquia é a moitedume, é a horda. Istan formas temporais, de suxección de un intre, as veces podentes e terribles, son enganosas e pasaxeiras porque viven para fora, do espírito emprestado, da circunstancia e da imitanza. O vento pode erguer a area do deserto e non pode trubar a tranquilidade da terra verde e labourada.

Por consecuencia, a forma económica non pode ser outra que a pequena propiedade, ceibe e familiar, o traballo comunal, a pequena industria. Nin o latifundio, nin a grande explotación industrial da terra pódense acompañar co ser galego. Tampouco a grande cibade polo que ten de acampamento de moitedume. Baixo a luis e riba dos asfaltos municipais faría tristeiro e desacougado papel a moitedume sin fogar do Gran Hotel ou da xigante fábrica.

Terra galega e mariñeira, pouco pastora — estamos no cerne da Europa — e apenas máis ciudadán do que precisa para conxugar as enerxías da cultura. Galiza conta co xermes da única organización e da economía que lle cumplen para ser ditosa.

Dante da política galeguista presenta unha triple laboura; coñecer a realidade galega, erguela, madura-la até esborraliar toda outra realidade de mintireira e acompañada ao ritmo do mundo.

Galiza é iso, i-e, ademáis, unha cultura. Outra obriga do galeguismo, cinguidas as angueiras sin aladas.

Sobre d'ela meditaremos no seguinte artigo. Tema delicado, levián, trascendente na historia eterna do espírito. Pois se non trata de calisquer cultura a moda, nin xiquera, cécas, do que a xente chama cultura e política da cultura.

(1) A NOSA TERRA, N.º 399.— 15 - XI - 1935.

## Bodas de Prata da Federación de Sociedades Gaégas

A Federación de Sociedades Galegas cumplirá o día 24 de Setembro próximo 25 anos de existencia. Con este gallo, as autoridades da mesma están preparando un programa de festexos que despertou gran expectativa no seo da nosa colectividade.

No meio dos aitos a se reaizaran, figurán unha exposición de arte galego, un ciclo de conferencias, concursos de música coral galega, unha audición radial, unha función de teatro e un gran banquete.

Orgaizouse, ademáis, un certamen literario, para o que xa se están recibindo traballos, e que se cerrará o día 12 de Outubre próximo.

# Mártires

Dos moitos milleiros que morreron asesiñados, citamos os seguintes:

ALEXANDRE BOVEDA, esquirtor, profesor mercantil, xefe de Contabilidade na Delegación de Facenda de Pontevedra.

VICTOR CASAS, xornalista, director de A NOSA TERRA.

ANXEL CASAL, editor, Alcalde de Santiago de Compostela.

CAMILO DIAZ VALIÑO, pintor, escenógrafo.

JOHAN CARBALLEIRA, poeta, xornalista, Alcalde de Bueu.

LUIS POZA, médico de Pontevedra.

JOHAN SUÁREZ PICALLO, escolante.

MANOEL CASTELAO, escolante, pintor.

JOSE CASTELAO, escolante.

XERMAN ADRIÓ, escolante.

JOSE ADRIÓ, abogado de Pontevedra.

ARTURO NOGUEROL, abogado, esquirtor.

ROBERTO BLANCO-TORRES, poeta, xornalista.

XAIME QUINTANILLA, médico esquirtor, Alcalde do Ferrol.

ISAAC FORNEIRO, escolante.

APOLINAR TORRES, escolante, xornalista.

VICTOR TRABAZO, escolante.

BENINO ALVAREZ, veterinario.

SILVIO PARIS, abogado, delegado do Traballo en Ourense.

LUIS PANDO, abogado, xues de Vilagarcía.

VICTOR RICO, capitán de Guardias de Asalto en Pontevedra.

MANOEL REY LOPEZ, canceller do Consulado Arxentino en Vilagarcía.

FRANCISCO REY LOPEZ, empregado de Banco.

MANOEL OUBIÑA, maestro de Obras.

MANOEL FERREIRO PANADEIRO, abogado de Lalín.

EUXENIO ARBONES, médico de Vigo.

MANUEL MORGADO, médico de Vigo.

INOCENCIO TABOADA, comerciante.

MANOEL LUSTRES RIVAS, xornalista.

DARIO ALVAREZ LIMESSES, médico de Tuy.

MARTIN MARX, escolante, Gobernador Civil de Ourense.

GONZALO ACOSTA PAN, empregado de Banco, Gobernador Civil de Pontevedra.

PEREZ CARBALLO, abogado, Gobernador Civil da Cruña.

RICARDO NUÑEZ, oficial do Banco de España, Gobernador Civil de Lugo.

ROGELIO CARIDAD PITA, Capitán Xeneral de Galicia.

JOSE AZAROLA, seminante do Departamento Naval do Ferrol.

AMANCIO CAAMANO, médico de Pontevedra.

VICTOR FRAIZ, escolante.

XULIO FRAIZ, empregado do M. de I. Pública.

EMILIO MARTINEZ GARRIDO, industrial, Alcalde de Vigo.

UBALDO XIL, médico de Vigo.

ENRIQUE BOTANA, impresor.

XOSE MINONES, abogado, banqueiro, diputado.

XOSE MEJUTO, metalúrxico.

XOSE CARBALLO, rentista.

URBANO R. MALEDO, empregado municipal de Vigo.

XOSE M. VILLAAMIL, Inspetor de Escolas de Lugo, diputado.

XOSE MILLEIRO, escolante.

ARTURO REY, reloxeiro de Pontevedra.

ENRIQUE BLEIN, comerciante.

TELMO BERNARDEZ, médico de Redondela, diputado.

MANUEL GONZALEZ FRESCO, industrial.

HIPOLITO GALLEGOS, escolante.

MANUEL GUZMAN, agricultor, diputado.

L. SUAREZ FERRIN, constructor, Alcalde da Cruña.

LUIS HICICE, dibuxante da Cruña.

XOSE VILLAVERDE, obreiro da Cruña.

XACINTO MENDEZ, profesor da Cruña.

XACINTO SANTIAGO, profesor de Ourense.

XAQUIN MARTIN MARTINEZ, abogado, segredario do Auntamento da Cruña.

EMILIO ALONSO, Alcalde de Silleda.

TOMAS DE LA TORRE, abogado de Betanzos.

XAQUIN BILBATUA, xefe de Telégrafos de Vigo.

LUIS BILBATUA, empregado.

ANTONIO BILBATUA, oficial de Telégrafos, diputado.

IGNACIO SEOANE, panadeiro.

FAMILIA JASO, (5 personas), de Tuy.

XOSE ANTELO CONDE, industrial.

ALEXO DIAZ XURADO, médico de Tuy.

RAMON G. BRUNET, segredario da Casa del Pueblo.

SEGUNDO ECHEGARAY, comerciante de Vigo.

MANUEL NAVIA, rentista.

EDUARDO OZORES, avicultor.

¡Ay, do que leva na frente  
unha estrela!  
¡Ay, do que leva no bico un  
cantar!

CURROS ENRIQUEZ.

Mañán a nosa Terra espertará.  
E dece morrer por tí, Verdad.  
E por tí, Liberdade.  
T. Mac SWINEY  
(Alcalde de Cork)

# En Lembranza Dos Mártires AITOS REALIZADOS PO EN HOMAXE A AL

Moitos foron os aitos que, nos días 16, 17 e 18 d'Agosto, ao se cumplir un decenio do asesiñato do mártire das libertades galegas, Alexandre Bóveda, fixeron as entidades galegas de Bós Aires en homaxe á figura señeira d'aquel home que, o día 17 do dito mes, do ano 1936, caiu vítima da barbarie feixista, en Pontevedra, como muitos outros patriotas galegos que pagaron coas súas vidas o feito, tan humano e natural, de querer á patria, de honorala engrandecel-a, coas súas virtudes, co seu amor e con todo canto tiñan de bon e de nobre aquelas figuras preclaras da nosa terra.

D'aqueles aitos reaizados en lembranza de Bóveda queremos destacar eiquí, n-estas páxinas, tres d-eles que foron os más xurdidos i-os que acadaron más resonancia pol-a xerarquia das entidades que os fixeron, polo que tiveron de patriótica inquedanza e polo que siñificaron na súa reaización i-a calidade dos mismos como tamén pol-as circunstancias de que estiveron rodeados contando coa adesión das nosas xentes más calificadas.

Son estes tres aitos de que falamos, o que fixo o Centro Ourensán na súa casa social o día 16, o que reaizou a Federación de Sociedades Gallegas, tamén na súa casa, o día 17 i-o que irradiou a Audición "Recordando a Galicia" o día 18 pol-a onda de L. S. 2 Radio Buenos Aires. Veleiquí os detalles do pirmeiro:

## NO CENTRO OURENSAN

No salón do Centro Ourensán, axeitado especialmente pr-o aito, estaba o busto en bronce de Alexandre Bóveda (obra do grande escultor galego Domingo Maza) rodeado de bandeiras galegas e de frores, facéndose notar unha fermosa ofrenda froral do Consello de Galicia. Había un numeroso e seleito público entro que se atopaban muitas persoalidades da coleitividade. Chegado o intre, o coro do Centro Ourensán cantou o Hino Galego que foi escoitado con devoto respeito polos asistentes.

Despois fixo uso da verba o señor Enrique González, quen prenunciou o discurso que vai a continuación:

"Irmáns galegos! Alexandre Bóveda, figura preclara, expoñente auténtico da cultura, dos principios democráticos e das ánsias de libertade de Galicia, caiu vítima do plomo asesiño, fai dez anos; o 17 de Agosto de 1936. Foi fusilado polo delito de lealtade ós seus principios, de lealtade á sua patria, de lealtade ó seu povo pr-o que somentes quería o ben".

"As balas que atravesaron a peito de Alexandre Bóveda, feviron a Galicia. Pero o sangue d-elle regou a terra fértil. Galicia xurdirá e fará xusticia".

"Era Alexandre Bóveda unha figura exemplar no panorama político galego. Traballador incansabel tiñase costituido no verdadeiro motor do movemento autonomista, que poucos días antes, o 28 de Xúnio de 1936, dera como resultado o grande triunfo do Estatuto Gallego n-aquela memorável xornada do Plebiscito".

"Era Alexandre Bóveda unha ma-

nífica figura galega, pro, non solo a él immolou o plomo asesiño. Con él cierron miles e miles de beneméritos fillos de Galicia; mestres, obreiros, labradores, maríciros, médicos, abogados, comerciantes, industriais, periodistas artistas, etc., que caíron masacrados pol-a orixa de lume e de sangue que a残酷za totalitaria do falanxismo e do militarismo da Hispania reacionaria e centrista, desencaeu sober de Galicia, pra esmagar e castigar as suas lícitas ánsias de Autonomía, de libertade e democracia".

"O 17 de Agosto de 1936 foi fusilado o gran Alexandre Bóveda. Esta data quedou consagrada polo pobo galego como "Día dos Mártires". Lembremos, pois, n-este dia a todos os nosos mártires, os do pasado iós do presente. O seu exemplo robustece a nosa fe i-a nosa esperanza no porvir".

"Alexandre Bóveda é hoxe un símbolo que nos fai lembrar cal é o noso

voadamente i-así deu fin o aito que tivo a fonda emotividá dina do homaxe que se trebutaba a quén hoxe é o galego máis lembrado de cantos pasaron pola vida.

O aito na Federación de Sociedades Gallegas

Foi orgaizado polo Ateneo "Curros Enríquez", fillal da Federación, e tivo o desenrolo de que pasamos a dar conta.

Déspotas insensatos, forzá, forzade grill... Pode oprimir o ferro un corpo enfraquecido mais as nobres idéas é greriosos instintos. Eses... non pode, non nin a morte, extingu

## Victor Casas

¡Victor Casas! ¡Victor Casas!  
espello de fidalgüia,  
rida consagrada a reo  
a eisaltación de Galiza.

Comenzaches sendo neno  
e non-a abandonarias;  
no camiño percorrido  
non tiveches outra guía,  
nin outra honra ni arela  
que a de ser bon galeguista;  
sen desmaios, sen acougos,  
sen deixar un soio día  
de la labourar circunamente  
pola Causa de Galiza.

Animador dos que, torpes,  
dormiñaban na preguiza;  
látego dos que, treidores,  
por medrar na treiduría,  
esquecían seus deberes  
de galegos pra Galiza.  
Home bon, desintresado,  
sin a más lece cobiza,  
disposto pra o sacrificio  
pola Causa de Galiza.

E' por isto que te matan,  
por isto irrincanche a vida.  
Por soñares un porvenir  
aventuroso pra Galiza,  
caloniante de treidor  
—por Galego e Galeguista—,  
os treidores más treidores  
que a historia toda rexistra.  
Até morrendo labouras  
pola Causa de Galiza!

¡Victor Casas! ¡Victor Casas!  
si, por amar a Galiza,  
te mataron cal treidor,  
que bela morte terías!

CH. LAMAS

deber. Os galegos sabemos por que mataron a Bóveda i-a tantos miles d-hirmáns nosos que, como el, querian un futuro mellor pr-a nosa patria. Por que o sabemos é por que non podemos esquecelos en xamáis. El simboliza o afan incontable de libertade que alenta en nós. Por eso é que, ó lembralo, se aviva en nós a chama sagrada que no peito leva todo home de ben".

"¡Alexandre Bóveda! Estás pensente na nosa memoria e vivirás decote n-cla! Non sabían elos, nón, que ó matarte a ti, te facian eterno en nos outros e que estarás sempre no pensamento e no corazón de todos os bos galegos!".

O señor González, ó rematar as súas verbas, recibiu un longo aplauso da concurrencia que volto a entoar o Hino Galego afer-

"Do sangue dos

Ergueita sóber de unha m-decrinabre, incommovible, a ve-rista cristián. Denantes sabíam temos fitado ca lus dos nosos branza, tan limpamente cheios da craridade que íles meteron na escuridá das negociós, a neg-cerrilidade dos asesiños, non fa-albura das ideias que por heredos. Pol-a contra, os nemigos d-máis nídeas, más acesas. O n-logrou incorporal-as á concen-

"Galiza rube ó Calvario". martirio secular foron quedan-de de granito eterno as caídas d-que teñen un nome inesquen-cil Terra: A Frouseira — traidor-alismo «ganado», Oseira — Sofán — rapiña fiscal —, Sobre-ra, adoa por onde enceta o ro-ferro e lito — abafa a Galiza.

Por fidelidade ó noso delito un réxime político conquerido curro do chan galego caíu unha daron que de tal xeito nos son-do os peitos de más azos fa-ideias, coídan que ca morte tamén a súa verba intelectual... telixenza mataban pra sempre é a súa ignoranza, tanta e tan fe-

Non. Os nosos mortos non están vivas né cerne da nosa i-a liña reita do noso camiño. O e roxo, tingue a terra galega. N-n un fanal como os mercaderes breiro, co de Cristo. Vivo e xun- está á corrente vital que rega

Bós, xenerosos obreiros d-morrer no seu posto, estiveron donos, deixa o final. A súa m-Do seu martirio ven a nosa fé, n-l nasce e renasce a nosa cr-

O seu martirio pal-a Ideia fainos sentir no miolo da entra-en vida na vida de Galiza. Na surreción galega.

A hora sinalada a sala que, na casa federal, leva o nome do mártire, atopábase chea de xente como tamén as salas veciñas e todos os sitios despoñibles.

Na dita sala estaban o retrato de Bóveda i-a placa que o lem-brava rodeado de frores e bandeiras galegas; debaixo unha fermosa ofrenda froral do "Con-sello de Galicia". Pol-o resto da

# Mártires Galegos no ADOS POL-A NOSA COLEITIV KE A ALEXANDRE BOVEDA

voadamente i-así deu fin o aito que tivo a fonda emotividat dina do homaxe que se trebutaba a quén hoxe é o galego máis lembrado de cantos pasaron pola vida.

## O aito na Federación de Sociedades Gallegas

Foi orgaizado pol-o Ateneo "Curros Enríquez", filial da Federación, e tivo o desenrolo de que pasamos a dar conta.

Déspotas insensatos,  
forxá, forxade grillos;  
Pode oprimir o ferro,  
un corpo enfraquecido;  
mais as nobres idéas  
é groriosos instintos  
Eses... non pode, non, o duro ferro,  
nin a morte, extingilos!

PONDAL

"Do sangue dos mártires nascen os creentes".  
TERTULIANO.

Ergueita sóber de unha morea de séculos está en pé, indecivable, incommovible, a verdade das verbas do panexista cristián. Denantes sabíamolo pola historia; agora xa o temos fitado ca lus dos nosos ollos, tan vivos da súa lembranza, tan limpamente cheios de sol de certidume, tan donos da craridade que lles meteron nas nosas meniñas, que a moura escuridá das negacions, a negrura do escurantismo, a pecha cerrilidade dos asesinos, non foron d'abondo pra apagaren a albura das ideias que por heróis nos deixaron os nosos mortos. Pola contra, os nemigos da liberdade acadaron a facelas más nideas, más acesas. O martirio dos "bós e xenerosos" logrou incorporal-as á concenza de Galiza.

"Galiza rube ó Calvario". E no Calvario sen cume do martirio secular foron quedando sinaladas con pedra negra de granito eterno as caídas de morte, estaciós da traxedia que teñen un nome inesquencibel na lembranza civil da nosa Terra: A Frouseira — traiduría d'El Rei —, Carral — liberalismo ciganado —, Oseira — rapiña simoniaca —, Nebra e Sofán — rapiña fiscal —, Sobredo — rapiña feudal —, A Caeira, adoa por onde enceta o rosario infindo que — cobra de ferro e leito — abafa a Galiza.

Por fidelidade ó noso delito de liberdade, por leialtade a un réxime político conquerido por dereito ciudadán, en cada curro do chan galego caíu unha pinga de sangue mártir. Coidaron que de tal xeito nos sometían, coidaron que acribillando os peitos de máis azos faríase estéril a sementeira de ideias, coidaron que ca morte da súa verba corporal morría tamén a súa verba intelectual... Coidaron que asesiñando a intelixenza mataban pra sempre a concenza de un povo. Tanta é a súa ignoranza, tanta e tan fechada é a súa cerrazón mental.

Non. Os nosos mortos non enmudeceron. As súas verbas están vivas no cerne da nosa intimidade. A súa ideia alumea a liña reita do noso camiño. O seu sangue non callou. Quente e roxo, tingue a terra galega. Non enxugará nin o fecharemos nun fanal como os mercaderes do templo fixeron, no Cebreiro, co de Cristo. Vivo e xurrante, fonte e río, incorporado está á corrente vital que rega a alma do ser de Galiza.

Bós, xenerosos obreiros da ciudadanía galega souperon morrer no seu posto, estiveron no seu maxisterio, ensinándonos, deica o final. A súa morte é lección de vida en nós. Do seu martirio ven a nosa fé, n'il afincase a nosa esperanza, n'il nasce e renasce a nosa creenza.

O seu martirio pal-a Ideia fainos comprender de verdade, fainos sentir no miolo da entrana, que a súa morte trocouse en vida na vida de Galiza. Na súa morte está o xerme da resurreición galega.

A hora sinalada a sala que, na casa federal, leva o nome do mártire, atopábbase chea de xente como tamén as salas veciñas e todos os sitios despoñibles.

Na dita sala estaban o retrato de Bóveda i-a placa que o lembra rodeados de freres e bandeiras galegas; debaixo unha fermosa ofrenda froral do "Concello de Galicia". Pol-o resto da

casa había outras bandeiras da nosa patria.

O aito deu comenza coa execución do Hino Arxentino, pola Rondalla do mestre Cauvila Prim, que foi cantado por toda concurrencia. Despois o Hino Galego que tamén foi cantado coa devota unción de sempre por todos os presentes.

Seguidamente o segredario xeral da Federación, señor Antón

tan sensible e alerta a todas as inquietanzas relacionadas coa vida da nosa Patria — aos mortos pola súa libertade, simbolizados na sublime e inmortal figura de Alexandre Bóveda. Címprense, tal día como hoxe, dez anos do sacrificio, do martirio de esta exelsoa personalidade fraterna, que non cometera, en toda a súa breve, pero fecunda vida, máis delito que loitar pol-o progreso e grandeza da súa Terra.

A Federación de Sociedades Gallegas, estableceu esta efemérides, que xa se convirteu en unha tradición, para lembrar a os nosos mártires. O ano pasado bautizouse a esta sala co esgreivo nome do noso protomártir, e fixouse nas súas paredes a lápida rememorativa de feito tan altamente patriótico e emotivo. Esperamos, e así ha de ser, que as xeneracións futuras sigan honrando co mesmo acendrado patriotismo, con que o facemos nós, a estas gloriosas figuras patrias, pa-

Tanto  
De me  
e rex  
reio f  
gran  
embar  
no d  
sabía  
ban, n  
da de n  
mitia  
paseir  
condu  
Como  
gran,  
chegou  
ra da  
tempo  
con br  
gresou  
dito, n  
galegu  
recolle  
mesmo  
galegu  
mento  
que so  
movim  
do no  
tes, ce

Po  
plante  
novo  
sos e  
nosa  
galegu  
dos m  
cos. S  
leguid  
en gra  
veda;  
norita  
estalo  
unha  
consid  
súa el  
Partic  
sente  
mo si  
tatuto  
nlebis  
Bóved  
xo to  
telectu  
presti  
e con  
de po  
grand  
máis  
a que  
a barb  
sempr  
tir, e  
ción e

Pero  
millor  
se con  
beza  
que, f  
do e  
do e  
noble  
Xaim  
Torres  
Torres  
milo I  
tonio  
tos má  
ganza,  
cir do  
“na fr  
cantar  
mo co  
cafrón  
xismo.  
nos é  
o noso  
hirmán  
tida e  
fren e  
campos  
rola d  
mentad  
sin des  
conque

Señ

Alonso, fixo uso da verba en nome do Ateneo "Curros Enríquez" e tributou unha lembranza ó Gran Capitán Xosé de San Martín cuio aniversario da súa morte se cumplía na mesma data. Despois prenunciou o seguinte discurso:

Señoras, Señores:

Un imperativo sentimental e patriótico, e un piadoso deber, nos impelle a recordar hoxe nesta casa,

Polos carreiros do Ceo  
fan seu camiño as estrelas.  
Na praza da meia noite  
fala que te fala a grea.  
Unhas rezan lembranzas  
tristeiras, que foron ledas;  
outras, inxiles e noviñas,  
outas rebeldías berran.  
Aquela más arredada,  
melancólica, relembrá  
os derradeiros afás  
a prol dos afás da Terra,  
ensoñacións de futuro  
que a traición deixou desfeitas.

—  
Na boca-negra da noite  
oubean xenreiras negras,  
mentras no peito do Ceo  
estouran, barils, argueitas,  
as verbas da Nosa Estrela,  
—cinco puntas a deitar  
sangue da súa lumieira—:  
—“Vingade ós nosos mortos!  
Ei Terra!”

N. B.

ra que a súa lúmiosa vida, a súa conducta vertical, o seu idealismo xeneroso, e o seu saerificio, lles sirvan de paradigma nas loitas que han de sostener para conquistar a tan deseada e necesaria autonomía, e para liberar a nosa Terra, dos vencellos que a aprisionan a rexímenes tan proclives e nefandos, que repugnan a nosa clásica mentalidade liberal, democrática e tolerante; e que retrotrae a civilidade a épocas bárbaras, oscurantistas, pra vergoña da “democracia” e o “liberalismo” europeos que os permite e os sostén.

Cada ano que pasa, a figura de Bóveda se axiganta. A súa rexia persoalidade se perfila con vigorosos e firmes contornos, como queréndose salir do marco eterno da historia, para sinalar o camiño a seguir, e lembrarnos a sagrada obriga para co-a Terra e a civilización. A súa influencia será beneficiosa e gravitará nas futuras xeneracións, que terán de seguir a rota marcada por él, o encarar os difíciles pero solubles problemas políticos e económicos, que entorpecen a celereidade do progreso material e espiritual do noso país.

Era Bóveda un arquetipo racial.

# Galegos no 10º Aniversario

## L-A NOSA COLEITIVIDADE

### EXANDRE BOVEDA

casa había outras bandeiras da nosa patria.

O aito deu comenzo coa execución do Hino Arxentino, pola Rondalla do mestre Cauvila Prim, que foi cantado por toda concurrencia. Despois o Hino Galego que tamén foi cantado coa devota unción de sempre por todos os presentes.

Seguidamente o segredario xeral da Federación, señor Antón

, o duro ferro,  
os!

PONDAL

ártires nascen os creentes".

TERTULIANO.

rea de séculos está en pé, in-dade das verbas do panexilio pola historia; agora xa o sollos, tan vivos da súa lembranza de certidume, tan donosas nosas meninas, que a moura do escurantismo, a pechaon d'abondo pra apagaren a nos deixaron os nosos moribundos acudaron a facelas martirio dos "bós e xenerosos" de Galiza.

E no Calvario sen cume do sinaladas con pedra negra de morte, estaciós da traxedia el na lembranza civil da nosa d'El Rei, Carral — libera rapiña simoniaca —, Nebra e lo — rapiña feudal —, A Caeiro infindo que — cobra de

de liberdade, por leialtade a por dereito ciudadán, en cada pinga de sangue mártir. Coidáian, coidaron que acribillan-fase estéril a sementeira de la súa verba corporal morría. Coidaron que asesiñando a in-concenza de un povo. Tanta horda é a súa cerrazón mental.

enmudeceron. As súas verbas timidez. A súa ideia alumea seu sangue non callou. Quente non enxugará nin o fecharemos s do tempo fixeron, no Ceante, fonte e río, incorporado a alma do ser de Galiza. ciudanía galega souperon no seu maxisterio, ensinán-te é leición de vida en nós. n'il afíncase a nosa esperanza. ninos comprender de verdade, na, que a súa morte trocouse é morte está o xerme da re-

Alonso, fixo uso da verba en nome do Ateneo "Curros Enríquez" e tributou unha lembranza ó Gran Capitán Xosé de San Martín cuio aniversario da súa morte se cumplía na mesma data. Despois prenunciou o seguinte discurso:

Señoras, Señores:

Un imperativo sentimental e patriótico, e un piadoso deber, nos impelle a recordar hoxe nesta casa,

—tan sensible e alerta a todas as inquedanzas relacionadas coa vida da nosa Patria— aos mortos pola súa libertade, simbolizados na sublime e inmortal figura de Alexandre Bóveda. Cúmprense, tal día como hoxe, dez anos do sacrificio, do martirio de esta exelsa personalidade fraterna, que non cometera, en toda a súa breve, pero fecunda vida, máis delito que loitar polo progreso e grandeza da súa Terra.

A Federación de Sociedades Galegas, estableceu esta efemérides, que xa se convirtiu en unha tradición, para lembrar a os nosos mártires. O ano pasado bautizouse a esta sala co esgrevio nome do noso protomártir, e fixouse nas súas paredes a lápida rememorativa de feito tan altamente patriótico e emotivo. Esperamos, e así ha de ser, que as xeneracións futuras sigan honrando co mesmo acendrado patriotismo, con que o facemos nós, a estas gloriosas figuras patricias, pa-

Tanto no físico como no espiritual. De mediana estatura, ben conformado e rexio ao mesmo tempo, firme e serio frente as más arduas madeira de gran conductor, era, ademais, non embargante a súa xuventude. Era dono dunha gran responsabilidade, e sabía imponela a cantes o arredaban, polo propio peso da súa autoridade moral e intelectual; pois non permitía a súa veira, xente nalgallán, trapeceira ou aproveitada. Rixido na conducta e inflexible nos principios. Como si todo eso foso pouco, era un gran, un incansable traballador. Así chegou a ser unha primeirísima figura da política galega d'estes últimos tempos. Terminados os seus estudos con brillantes e altas clasificacións, ingresou no Partido Galeguista; millor dito, no movemento galeguista; pois, o galeguismo, é anterior o Partido que recolleu as principales esencias do mesmo. Porque —conven aclarar— o galeguismo non é somente un movemento político, na acepción vulgar que se lle da a esta verba; senón un movemento que abarca toda a cultura do noso povo: política, economía, artes, ciencias, etc.

Pol-o tanto o galeguismo é un replanteamento de vellos problemas e un novo examen e valoración dos diversos conceptos culturais atinxentes a nosa Terra. Por iso, no movemento galeguista, actuaron e actúan homes dos más diversos pensamentos políticos. Sólo os guía un sentimento: a galleguidade. O Partido Galeguista, foi en gran parte, obra de Alexandre Bóveda; e apesar de ser un Partido minoritario, pero de selección, —cando estallou a guerra civil, tiña, apenas, unha existencia de catro anos— era considerado con fondo respeito, pola súa elevada ética política, como un Partido de intensa gravitación no presente o no futuro de Galicia. E, como si esto fose pouco, ahí está o Estatuto Galego, aprobado en mañánico plebiscito, laboura en que Alexandre Bóveda se embarcou todo; en que pu-xo todas as súas enerxías físicas e intelectuais; en que xogou todo o seu prestixio; en que foi a cabeza visible e conductora das ansias de liberdade de povo galego. Este é, deseñado a grandes rasgos, o perfil da figura más outa e rexia da nosa democracia, a que fai unha década, hoxe mesmo, a barbarie falanxista abateu para sempre; como si con ela quixera abatir, e afogar as nosas ansias de redención e de liberdade!

Pero o falanxismo —azote de Dios— millor sería chamarlle do démo, non se contentou con segar a lumiosa cabeza do noso mártir-símbolo; senón que, facendo gala dun sadismo sañudo e alevoso, sigue segando, fusilando e aforcando todo o que de más noble e puro había na nosa Terra: Xaime Quintanilla, Roberto Blanco Torres, Xoán Carballeira, Apolinario Torres, López Otero, Anxel Casal, Camilo Díaz Balío, Víctor Casas, Antonio Suárez Picallo, e tantos e tantos máis. Singularizándose tanta venganza, con todos aqueles que, ao decir do noso rebelde inmortal, levaban "na frente unha estrela e no bico un cantar". Moitos "bós e xenerosos", como con gran acerto dí o noso himno, caíron baixo a ponta feroz do falanxismo. Mentar eiquí os seus nomes, nos é imposible: vaia para todos elos o noso humilde e aferiado prego de hirmáns; a nosa lembranza más sentida e inesquecible! Para os que sofrén oscuramente nas cadeas e nos campos de concentración, a nosa parola d'alcanto e o compromiso xuramentado de que traballaremos arreos, sin descanso, para que axiña poidan conquistar a súa ansiada libertade.

Señores: Ao rendir o tributo de

(Continúa na pág. 6)

## ASESINOS

VICTOR LIS QUIBEN, médico de Pontevedra, diputado monárquico. Orgaizador dos "paseos" e das "rapadas" de cabelo a mulleres indefensas.

XAIME VAELLO, de Vilagarcía, sin profesión.

BERNARDO LOPEZ DURAN, de Pontevedra. Tirador de tiro de pichón.

GUILLERMO OYA, de Vigo. Señorito.

JOAQUIN MORQUECHO, de Vilagarcía. Sin profesión.

DANIEL BUHIGAS, de Vilagarcía. Estafador coñecido en Bós Aires.

MANUEL SOLLA, de Santiago. Procurador.

FRANCISCO RODRIGUEZ, (a) "El Rabioso". Capitán da Guardia Civil de Vigo.

FELIPE SANCHEZ, comandante do Exército.

ANTONIO CARRERO, capitán do Exército.

FERNANDO HYLISS, señorito de Vigo.

JOAQUIN YAÑEZ, señorito de Vigo.

MANUEL SANJURJO, señorito de Vigo.

GUILLERMO GANELLA, médico do Exército.

ANTONIO MEDIERO, escolante de Vigo.

EMILIO ALVAREZ, (a) "O Reisiño". Crego de Vigo.

JORGE MONDINA, borracho de Vigo.

GUSTAVO KRUKEMBERG, consignatario de Vigo.

PABLO MARTIN ALONSO, coronel do Exército.

MANUEL PUGA, abogado da Cruña.

ENRIQUE R. CANTELO, (a) "El Tejuelo". Sin oficio.

FAUSTINO TEMES, músico de Pontevedra.

MANUEL BERNAL, capitán da G. Civil de Pontevedra.

PABLO BUGARIN, habilitado do Xusgado de Tuy.

MANUEL ESPAÑA, comerciante de Tomiño.

(SOBRENOME CALZADO), abade de Vilameán.

JOSE ARES, ex axente de Policía en Bós Aires. De Silleda.

DON XULIO, abade de Moreira (Boborás).

## ¡Antes mortos que Escravos!

Por RAMON REY BALTAZAR

"ARRIBA OS PROBES DO MUNDO..."

(ESTAMPA DE CASTELAO)

Levantando o seu puño pechado,  
de tal modo cantaba un rapaz  
ante un muro manchado de sangue  
onde a súa ia pronto a quedar.

¿Qué delito, que crimen horrendo  
cometera ese mozo infeliz?  
Defender o direito i as leises  
concubadas por xentes ruinas!

Os soldados perxeuros de España,  
esquercendo deberes i honor,  
contra o povo marcharon un día,  
consumando unha infame traición.

Os escravos do mar e da terra,  
xa cansados de tanto penar,  
levantáronse todos, dispostos  
a morrer dunha vez, ou trunfar.

Na Galiza tamén responderon,  
dos irmáns, ao chamado varil,  
e loitaron con soios os brazos.  
¡Antes mortos que escravos vivir!

Os más grandes martirios sofriron,  
resiñados, valentes, con fe;  
e de fronte, cos puños ergueilos,  
como os homes, morreron de pé.

Sagra sexa pra nós a memoria  
dos que tiñan tan gran curazón,  
que perderon a vida cantando,  
en ofrenda dun mundo millor.

Para honrados xuntémonos todos  
e xuremos con forza loitar;  
soio así será nosa, e compreta,  
a esperada vitoria final.

Si outra cusa fixeramos oxe,  
non podremos xamais recoller  
todo o froito que logo dará nos  
os que, diños, souberon morrer!

(Do libro "A Gaita a Falante")

# Aitos en Homaxe a Alexandre Bóveda

(ven da pág. 5)

lembanza, e de veneración ao noso mártir, e aos que él simboliza, fagamos votos firmes e afervoados porque pronto vexamos libre a nosa Patria, do nefando e criminal nazismo que a asovallo e denigra. Que así sexa!

O irmán Alonso foi muy aplaudido.

Logo a Rondalla Cauvila Prim fixo ouvir "Negra sombra", de Montes. Aito seguido a eximia recitadora Lita Suárez recitou "Mirando pr-o chan", de Curros Enríquez, cousa que fixo con muito arte e lle valeu un alongado aplauso do público.

Cauvila Prim i-o seu mañífico conxunto executaron logo a "Alborada" de Veiga.

Despós fixo uso da verba o irmán Avelino Díaz, o cal comenzou decindo:

Donas é irmáns:

Cando se trata de aitos patrióticos, como este, no que se lembra a unha grande figura da nosa terra, desaparecida prematuramente da vida pola violencia asesina das xentes desafadas, hai tristura pol-a perda que se la perda e por aquello de que se nos sufrín, pol-as dores que causou aquele, inxustamente, aleivosamente.

Oxe estamos aquí pra lembrar ó mártire galego, Alexandre Bóveda, e renderlle o afervoado homaxe que merece i-a devota veneración que o seu nome seguirá merecendo sempre de parte dos galegos "bóes e xenerosos".

Alexandre Bóveda, no seu curto, pro fecundo vivir, era pra Galiza e prós galegos, algo más que unha esperanza; era unha realidade en canto se refire á súa laboura patriótica, a súa inquedanza, á súa autividade i-o seu desinterés e constante preocupación polo porvir da patria.

Foi un home que conquerió a súa naturidade no senso político, social, económico e cultural dende a xuventude; non agardou a ser vello pra se decatar de verdadeiro senso das cousas; non agardou a ser vello pra saber o que outros non saben ainda cando se atonan na ancianidade repousada e reflexiva. El, sendo mozo, xa ademprendera o que outros homes non adprenden xamais, e xa sabia con certeza o que percisaban Galiza i-o seu pobo pra teren unha vida dina.

Tinha unha grande visión que lle donaba categoría de home escolleito i-excepcional i-asi tiñu tamén conquereda unha xerarquia de guieiro que ningún lle podía desputar e que todos lealmente lle reconocián, dende as más altas personalidades hasta as xentes de pobo que ollaban n-él ó home do porsente e do mañán. Así foi como nunhas eleccións memorables pra deputados, o pobo galego deu o trunfo a Bóveda e refugou ó feixista Calvo Sotelo. Ben é certo que, despós, n-aquela cámara de deputados hispanoia, donde había tan poucos republicanos leales, donde había tantos nemigos de Galiza e das Autonomías, n-aquela cámara en que se fala de xabáis e donde, a maioría, somentes se acreditaban de tales pol-as pezuñas e non pasaban de simpres cochos, n-aquela cámara — repito — déuselle a acta a Calvo Sotelo e roublouselle a Bóveda contra voluntade do pobo galego, porque o mentado feixista tocoulles (e non facía falta

muito pra eso) o lado fraque ós conservadores hispanoiores, nemigos da libertade e das autonomías, decindollos que él (Calvo Sotelo) máis quería unha Hispania comunista que unha Hispania esmigallada, como se as autonomías esmigallasen a Hispania. Craro está que tal argumento non era más que unha trampa de dialéctica feixista, pro elo foi d-abondo pra que o medo i-as xenreiras dos centristas, despoxasen a Bóveda da súa limpia acta de deputado eleito pol-o pobo de Galiza.

E como a Bóveda, i-a sua decencia política repunaba facer o argumento contrario (que, de facel-o, quizabes teria éxito, pol-o medo que os centristas teñen ó cuco do comunismo) ficou sin o que, por direito, lle correspondía e deseuse, coma decote, á loita entusiasta e varil, na nosa terra, coa misma fe de sempre, coa misma confianza no seu pobo, coa misma lealtade de que sempre fixo gala.

Pro alin-aquela cámara de deputados, non se tratava somentes de roubarlle unha acta a un home; tratábase, tamén, e mais que nada, de lle restar á nosa terra aquela voz varil e moza no arcoíago dos santos centristas; tratábase de lle restar forças a Galiza e de enfortecer ó feixismo debilitando, ó mesmo tempo, as ansias do pobo galego en prol da sua Autonomía.

Despós, fóreronse socedendo as cousas como todos sabemos; en Galiza extendiase cada vez más a voluntade autonomista. En toda a península era, eada vez más, treicioada a República polos falsos republicanos, atacada polos feixistas e por toda a morralla sanxeristana que fala de Dios e ten 6 demo no corazón, que se fixxe cristiana e non ten de tal más que o nome.

E chegou o intre do drama; do drama en que foi vítima o pobo hispaniol en xeral i-o galego, máis, quizabes, que ningún outro da península, do drama no que muitos foron víctimas e, cabezaleiro deles (pra desgracia nosa) un galego, galego por accidente, e d-este convén deixar constancia sempre, pois non abonda que un home sexa nado en Galiza pra que se lle poida chamar galego.

I-en Galiza morreron a milleiros os mellores homes, entr-eles Bóveda, o máis calificado, o máis competente, o máis fondamente namorado da súa terra i-o que meiran des arelas e vontade tíña pra loitar hastha conquerir a libertade político-administrativa á que Galiza tiña, e ten, direito.

Ben se pode decir que Bóveda foi un mártire, ben se pode afirmar que foi un herói, ben se pode loubar o seu patriotismo e poñel-o como un exemplo pra os homes do futuro. Eu direi, parafraseando unhas rextas verbas de Blanco Amor, que Bóveda se deu ós dentes dos lobos pra que todos nosoutros non tivésemos que darnos ás pezuñas dos porcos. El, co seu sacrificio xeneroso, pasou á inmortalidáde conquérindo o direito á nosa veneration.

O feixismo hispaniol, ó matar a Bóveda, non teimaba somentes tronzar aquela vida; teimaba, tamén, matar as ansias de libertade do noso pobo, teimaba malferirnos a todos os galegos matando a vida do noso máis nobre e varil guieiro.

Por elo, porque era guieiro i-era querido e respeitado por todos como mestre e dirixente do noso movemento libertador, por todo eso, foi que, ó erguerse a mareia de podremia feixista en Hispania, contra República, contra Autonomía e contra libertade, as hordas falanzistas o asesinaron, saciando coa morte d-él, os istintos primarios que son a carauterística máis acusada do feixismo.

Í-o matal-o aleivosamente, convertiron-o en mártire i-en símbolo inmordeiro da Galiza, de Galiza que xa non-o esquencerá nunca e que fará (xa o fixo) do seu nome unha bandera de libertade, de esperanza, de rebeldía e de acción.

Porque, no peito de cada galego Alexandre Bóveda ten un santuario;

porque cada galego ha de ter presente sempre o seu exemplo o seguir-o; porque non está lonxano o dia en que Bóveda teña unha estatua en todal-as prazas das cibldades i-as vilas galegas, estatua que ten de ser o altar ó que iremos todos os galegos a decir a nosa oración cívica, patriótica, laica e panteista en homaxe á terra nai i-os seus mártires.

A barbarie falanxista deun-los un símbolo; xa tíñamos outros cuios feitos nos inspiraban; os hérois do Melilio, os Irmandiños, Pardo de Cela, María Pita, os de Carral, os de Güillarey, os de Sobredo... i-agora temos a Bóveda.

E, se non fora pol-a tristura que causou a sua perda pol-a orfandade i-a viudez que deixou, pol-o que significa a súa falla nestes intres de organización, de revalorización, d-entusiasmo cívico e de loita pol-a libertade, se non fora por eso todo, sería cousa de lles agradecer (perdoade esto que semella unha herexía) ós feixistas o que fixeron, porque nos deron un símbolo ergueito ós altares da gloria e do martirio, santificado pol-o sacrificio xeneroso i-alumado por unha luz que ten de guiar ós galegos pol-o camiño ascendente da liberdade, camiño que nos sinalou Alexandre Bóveda co seu exemplo, camiño que habemos de seguir hastha facer que Galiza seja un pobo ceibe, no conxunto dos pobos da Iberia, i-hastra facer caer esa cousa noxenta i-antinatural que é o centralismo político hispaniol, encarnado na Hispania oficial, negra, reacionaria, iñorante e despótica, que vive co reló atrasado, falando de grandeszas pasadas, sin ver a súa miseria actual e sin querer decatarse do que pode ser a súa grandeza futura n-un concerto de pobos xunguidos pol-a hermandade i-a benquerencia. Porque, esa Hispania oficial, é cega e xorda á reidade, porque non está a tono co verdadeiro e dino pobo hispaniol, que é unha suma de pobos variados que teñen condicíos pra se costruir un porvir mellor e pra facer, todos xuntos, unha Hispania grande e dina do respeito que nunca soupo conquerir a Menatquía, nin saberá conquerir nunca o réxime de noxenta diutadura e do mundo...

E chegou o intre do drama; do drama en que foi vítima o pobo hispaniol en xeral i-o galego, máis, quizabes, que ningún outro da península, do drama no que muitos foron víctimas e, cabezaleiro deles (pra desgracia nosa) un galego, galego por accidente, e d-este convén deixar constancia sempre, pois non abonda que un home sexa nado en Galiza pra que se lle poida chamar galego.

I-en Galiza morreron a milleiros os mellores homes, entr-eles Bóveda, o máis calificado, o máis competente, o máis fondamente namorado da súa terra i-o que meiran des arelas e vontade tíña pra loitar hastha conquerir a libertade político-administrativa á que Galiza tiña, e ten, direito.

Ben se pode decir que Bóveda foi un mártire, ben se pode afirmar que foi un herói, ben se pode loubar o seu patriotismo e poñel-o como un exemplo pra os homes do futuro. Eu direi, parafraseando unhas rextas verbas de Blanco Amor, que Bóveda se deu ós dentes dos lobos pra que todos nosoutros non tivésemos que darnos ás pezuñas dos porcos. El, co seu sacrificio xeneroso, pasou á inmortalidáde conquérindo o direito á nosa veneration.

O feixismo hispaniol, ó matar a Bóveda, non teimaba somentes tronzar aquela vida; teimaba, tamén, matar as ansias de libertade do noso pobo, teimaba malferirnos a todos os galegos matando a vida do noso máis nobre e varil guieiro.

Por elo, porque era guieiro i-era querido e respeitado por todos como mestre e dirixente do noso movemento libertador, por todo eso, foi que, ó erguerse a mareia de podremia feixista en Hispania, contra República, contra Autonomía e contra libertade, as hordas falanzistas o asesinaron, saciando coa morte d-él, os istintos primarios que son a carauterística máis acusada do feixismo.

I-o matal-o aleivosamente, convertiron-o en mártire i-en símbolo inmordeiro da Galiza, de Galiza que xa non-o esquencerá nunca e que fará (xa o fixo) do seu nome unha bandera de libertade, de esperanza, de rebeldía e de acción.

Porque, no peito de cada galego Alexandre Bóveda ten un santuario;

O seu galeguismo enteirizo confundíase co hispaniolismo de nobre cuño, ali donde él ollaba comprensión e boa disposición de parte dos hispanioiores pra lle reconocer a Galiza os seus direitos. Pro donde non atopaba esa comprensión i-a crara ideia de convivencia e respeito pra Galiza, Bóveda recollíase, reprobábase sober si mesmo, cenfíase ó seu galeguismo sano e nobre e non dialogaba cos nemigos da súa patria ós que somentes tiña en conta pra combatíos.

No bieñio negro da República foi perseguido polos hispanioiores, polos cans de Xil Robles e de Leroux, pro a súa capacidade, a súa competencia e, sober todo, o seu patriotismo i-o seu sentimento, trunfaron por enriba de todas as persecucións e de todas as xenreiras que lle tiñan os nemigos de Galiza, da República, da Autonomía e da libertade.

Fai pouco tempo ainda que outro gran galego, Castelao, falando de Bóveda, nos decia que éste, de non haber sido vítima da canalla feixista, tiña de ser oxe a meirande figura da nosa terra, querido e respeitado por todos, porque era un home exemplo con méritos d-abondos pra que hastra os máis encumados lle rendesen acatamento. Así era aquel gran galego que viviu sempre en santa comunión coa patria, que viviu pra ella e, por ela, deu a sua vida con heróica decisión, sin treinar diante dos seus verdugos, ollándoo con desprecio e manifestando a súa fe increbantable nos outos destinos da Galiza, da súa Galiza de quen era guieiro e da que se convirteu, en virtude do seu heroíco sacrificio, en símbolo inmortal de.

Irmáns galegos! Oxe que rendemos este sinxelo i-afervoado homaxe á lembranza de Alexandre Bóveda, mártire e símbolo augusto da Galiza de oxe e do mañán, fagamos unha promesa. Fagamos a promesa de facernos dinos d-él, de seguir o seu exemplo e levar adiante o ideal de redención galega, de predicar o evanxelio da terra nai e procurar a súa redención. Fagamos a promesa de sermos sempre bons cidadanos de Galiza, pois, así seremos bons cidadanos de Hispania e do mundo...

E, sendo bons galegos, traballando pra Galiza, quizabes faremos o mellor homaxe á lembranza de Alexandre Bóveda círio espiritu estará sempre con nós pra guiaros e dárnos sempre a sua sagrada inspiración". As verbas d-o irmán Díaz foron ocollidas con alouados aplausos.

Como número derradeiro, voltou a aituar a Rondalla Cauvila Prim que tocou "Que ten o mozo", de Piñeiro. E compre agora decir que este conxunto do mestre Cauvila tivo unha aitación mañicana tanto nos Hinos como nas outras partituras que fixo ouvir. O público tributoule o seu aplauso rexo en todal-as ocasións.

O remate, i-a pedido dos presentes, Lita Suárez recitou "Adiós ríos, adiós fontes!" con moito sentimento, con fino arte e fonda emoción galega o cal lle valeu as felicitacións i-os aplausos ben merescidos de que foi ouxento.

Contou este aito coa presencia de moitas persoalidades da coleitividade, representacións das entidades irmáns e foi un homexo afervoado á lembranza d-aquel esgrevio irmán, Alexandre Bóveda, que deu a súa vida xenerosamente pol-a libertade de Galicia, fai agora dez anos, caindo vítima da bestialidade feixista, pra ser dende aquela un mártire e símbolo da nosa Patria.

Anunciou os números do programa o señor Roberto L. Taboada.

Na Audición "Recordando a Galicia"

O domingo 18 de Agosto, n-esta Audición que dirixe a esquisita artista arxentina Maruxa Boga con fondo espíritu galego, lembrouse á esgrevia figura de Alexandre Bóveda i-entroutras cousas, a directora dixo, como editorial, as sentidas e patrióticas verbas que pasamos a reproducir. Dixo Maruxa Boga:

"Onte cumpríronse xustamente dez anos que pasou á posteridade unha das figuras más puras da Galicia moderna: Alexandre Bóveda".

"Caieu como caien as frores que se tronzan i-esparixen a súa roxa corola, folla a folla, como se foran bágoas de angustia e desesperación. Caieu como caien os que teñen un apostolado que cumplir i-unha razón honesta que defender. Caieu como caien os homes de ben, defendendo o ideal da súa Galicia á que tanto quixo, á que tanto amou i-a que ofrendou primeiro, súa cultura i-a pureza dos seus sentimientos e logo, a súa preciosa vida. Alexandre Bóveda tiña perfiles de visionario".

"Foi unha d-esas persoalidades fortes, cargadas e tinxidas d-heroísmo que apareceron na Galicia ó traveso dos séculos e que son xustamente as que mantiveron increbantabel no povo galego as ansias de libertade e de vida. A esa crás d-homes se debe, no curso dos tempos, que non haxa desaparecido a lingua galega, nin o espírito galego, nin a cultura galega. A esa crás d-homes pertenece por entero o domínio da historia... pra eles foi creado o recordo, o reconocemento i-a admiración da raza".

"Fai dez anos que Alexandre Bóveda pasou á posteridade, pro, as súas ensinanzas, o seu exemplo, os seus ideais, as súas esperanzas i-a súa visión do porvir do seu povo, han de ficar grabadas con letras d-ouro nas páxinas da historia e feitas lume sagro no corazón de cada galego agradecido ó seu xesto ó seu sacrificio".

Estas foron as verbas de Maruxa Boga, de unha gran artista arxentina que decote está atenta a latexar dos corazóns galegos i-ás inquedanzas da patria dos seus pais, igual que todos os artistas e colaboradores d-aquela mañicana audición que, como dí o seu nome, ten por eis-crusivo fin lembrar a Galicia.

Veleiquí, pois, os aitos que, esta ano, se fixeron en homaxe a Alexandre Bóveda, a parte dos que reaizaron outras entidades que, d-un ou d-outro xeito, tributaron unha lembranza ó noso mártire.

i-Ben haxan os que sinten o santo ideal da patria e lle rinden veneración nas figuras claras dos seus herois, dos seus nobres fillos que souperon dar por ela todo, hastra a vida!

Que a lembranza d-eles perdure sempre na nosa memoria i-os seus feitos seian; pra todos os galegos i-en todal-as edades, roteiro e faro.

Ten unha nova estrela o noso ceo e ten uns novos santos noso altar.

R. CABANILLAS.

MERCERIA

"La Maravilla"

de Laureano Fernández

A CASA MELLOR SURTIDA EN ARTIGOS PARA A MODA

Rúa Rioja, 1111 ROSARIO

# O Día de Galiza en México

(Vea da páxina 2)

legistas don Roxelio Rodríguez de Bretaña. Tamén ocupaban postos de noto delegados do Partido Nazionalista Vasco e da Comunitat Catalana que levaron o aito a prena solidaridade de vascos e cataláns cos galegos. Tamén contaron os galeguistas coa pra nós tan apreciada simpatía e solidaridade de outros núcleos políticos galegos, tales coma as das Seccións Galegas de Unión Republicana, Partido Comunista, Unión Xeral de Traballadores, C. N. T., etc., expresadas polas delegacíos que asistiron o banquete. Antre a concurrencia vimos o distinto médico lusicense doutor Marquez, o escritor e gran director de cine señor Carlos Velo; o profesor Lois Soto Fernández, o representante dos galeguistas de Bós Aires señor Rodolfo Prada, o poeta ourensán Florencio Delgado Gurriarán, o arquitecto coruñés Xosé Caridad Pita, o gran violinista galego señor Do Pico, o segredario de orgaización dos galeguistas de México señor Elixio Rodríguez, o tesoureiro señor Valin, Carlos Tomé, Vicenta Caridad Pita, Fernando González López, Xosé Casas, X. Rañó, etc.

Denantes de servirse a cea, os concurrentes, postos de pé, escoitaron e corearon o Hino Gallego. Durante a comida desenvolouse un amplio programa de música e cantos galegos. Aos postres, o segredario de orgaización da Sección México do Partido Galeguista, irmán Elixio Rodríguez, deu leitura as moitas adhesións recibidas, entre as que figuraban as dos Ministros do Goberno Republicano residentes en México, señor Miguel Santaló e Alvaro de Albornoz, de varias entidades galegas de Cuba, Estados Unidos, etc., e derradeiramente leeu un emotivo cablegrama do xefe galeguista e ministro do Goberno Republicano irmán Alfonso R. Castelao.

Seguidamente, o Segredario Xeral dos galeguistas, irmán Roxelio Rodríguez de Bretaña, pronunciou o elocuente discurso que recollemos a continuación:

"Excmos. señores y señoras: En este acto gallego — genuinamente gallego por su finalidad: conmemorar el "Día de Galicia" —, pronunciaremos unas palabras en castellano por considerar que el honor más

alto que podemos tributar a un amigo es hablarle en su lengua materna. Y así como sentimos una gran satisfacción en dirigirnos en castellano a los entrañables amigos de lengua materna castellana presentes en esta convivialidad, lamentamos profundamente no poder hacer en catalán y en vasco, y ello no por falta de deseos, sino por imposibilidad material, ya que no sabemos expresarnos en las lenguas de Cataluña y Euzkadi.

Breves, muy breves, serán las palabras que pronunciaré: las indispensables para saludar cordialmente a los dignos representantes del Gobierno de la República al señor Subsecretario don Julio de Jáuregui, admirado y buen amigo, vasco y republicano por los cuatro costados; al señor embajador don Luis Nicolau D'Oliver, en quien vemos no sólo al representante de la República ante el Gobierno de esta hospitalaria tierra mexicana en la que han nacido los hijos de no pocos de nosotros y en la que hemos ido dejando giranes de nuestro ser al recoger ella en su seno a tantos y tantos deudos y amigos desaparecidos para siempre, sino también a una figura señera del pueblo hermano de Cataluña; a los vascos y catalanes que han querido ionizarnos con su presencia, amigos y compañeros de ideales y de tareas comunes, y a los hermanos gallegos, antiguos y nuevos residentes, forjadores de la Galicia del futuro integrantes todos de la Galicia peregrina, de esa Galicia que, por desgracia para ella y para nosotros, conoce todos los caminos del mundo, de la Galicia peregrina de ayer y de hoy, de la Galicia avara de sus hijos que todos soñamos para el futuro.

Señor Subsecretario y señor Embajador: La presencia de una representación del poder central en este acto de fraternidad gallega nos llena de justo orgullo y de íntima satisfacción. Y nos llena de orgullo y satisfacción porque es anuncio jubiloso de un porvenir de comprensión y de una nueva y ambiciosa política peninsular, a la vez que viene a corroborar que las esperanzas que habíamos puesto en aquel patriótico acto de concordia republicana celebrado el día 8 de agosto de 1945 y que hizo posible la reinstalación de los órganos constitucionales de la República en el exilio, no fueron infundadas.

En la reconquista de la República alta misión que se ha asignado el Gobierno, este Gobierno que ha reconocido la responsabilidad de nuestra Tierra consagrando la manifestación de voluntad de nuestro pueblo verificada en 28 de junio de 1936 y que confiamos sea sancionada constitucionalmente por el Poder Legislativo en momento oportuno, manifestación de voluntad refrendada por el plebiscito de nuestros innumerables mártires, que supieron realizar el sacrificio máximo: donar su vida por Galicia y por la República, reclamamos un puesto de primera línea, un puesto de vanguardia.

Amigos y compañeros vascos y catalanes: Amando nuestra Tierra, hemos aprendido a amar a vuestros pueblos. Y es tan grande el amor que tenemos por nuestras patrias y por las patrias de los hombres de otras latitudes, que nuestras ilusiones vuelan por encima de las fronteras y son tan ambiciosas que no caben dentro de los límites del actual Estado español. Soñamos con un futuro próximo en que todas las tierras de la Península, con su voz propia, con su auténtica voz, entonen orgullosamente, dentro del concierto de los pueblos libres, la gran sinfonía ibérica. Y sabemos bien que Galicia, puente de unión entre los dos actuales Estados peninsulares, tiene una alta misión histórica de concordia que realizar, como ya lo había profetizado nuestro gran bardo Pondal:

"A luz virá para a caduca Iberia dos fillos de Breogán". Dejadme ahora que pronuncie unas

palabras en la lengua que mejor sabe expresar mis emociones en mi lengua materna gallega, lengua noble y prócer, no sojamente por haber sido el vehículo de expresión de uno de los más bellos monumentos de la humanidad, el cancionero gallego-portugués y del único rey sabio que hubo en las Españas, sino como sentido homenaje a los que trabajan y sufren en mi tierra gallega, a los que, según frases de Custelao, sufren desafío en la propia patria y cuentan los días por noches.

Irmáns galegos: Conmemoramos hoxe a diada civil da nosa Terra, festa galega acogulada de más fonda universalidade, lembrando aqueles tempos en que Galiza pedra preciosas da civilización occidental, brillaba con luz propia ceibe de tutelas alleas impostas, cando éramos donos dos destinos e vencello que xunguía ás Españas co resto de Europa polo camiño das peleinaxes, que as forzas cósmicas sinalaran dende os inícios co ronsel de estrelas da Via Láctea, cando Galiza, sen deixar de ser Galiza e poia mera razón de sela, adequireu unha sona universal. Lembramos tamén o ocaso do noso espiendor, imposto por circunstancias alleas á nosa vontade, cando a nosa galega desaparece do concerto dos pobos, sen beneficio pra ningún, cando a nosa língua proscrita tivo que apegarse ao chán nativo col fror homidía dos nosos campos a as más outas manifestacións culturais da Terra tiveron que adoptar as formas espontáneas do folklórico, pra que o pulo íntimo e recóndito da raza adormecido, fixese irrupción con todo o seu vigor e lozania ao influxo do Romanticismo e ao conxunto dos Precursores. Lembramos dooredos a renuncia dos derradeiros tempos e a vontade de ser do noso pobo i encólesenos o corazón i enhénsenos os ollos de bágoas cando maximamos, nunha sucesión dantesca de imaxes, o martiroloxo da nosa Terra, desencañado pola moura besta do feixismo, sedenta de sangue e luxando co seu corpo repulante as estradas e corredoiras da Patria.

Máis a nosa caraxe, a santa caraxe propia da retribución que se merecen os caíns, non nos impide olala Galiza dos nosos sonos, a Galiza que arelamos pra os nosos fillos, belida, farturenta, ditosa, dos seus destinos, cantando o himno da libertade e da fraternidade dos homes e dos pobos..., pois temos azos desbondo pra abranguelo mundo nunha aperta garimosa, xa que coñademos, recurrindo a palabras do programa do noso Partido do Partido Galeguista que "o recoñecimento da personalidade de Galiza e as arelas de anover a súa autóctona cultura, a defensa da autodeterminación política do noso pobo, a laboura pola potencialización da súa economía, serían angueiras estériles i egoistas se non estivesen inspiradas polo degoiro de armonizar na cultura universal o rexurdimento da nosa cultura, de integrar na comunidade dos pobos a liberdade do noso pobo, de coordinar coa solidaridade da economía mundial o melloramento da nosa economía; en suma, de que Galiza "existe, viviendo a súa vida", se capazite pra ser un novo órgano de humanidade. Os galeguistas pretendemos,

pois, que Galiza encha o imperativo que representa a súa vinculación a unha superior unidade humán, que intente asegurar, guindando coas fronteiras, a paz dos pobos e o benestar dos homes".

Nista outa e nobre misión, amigos e irmáns, todos os galegos de boa vontade teñen un posto que ocupar.

¡Qué a vida exemplar dos nosos mártires e a súa solidaridade no sacrificio, nos aluméen o camiño que temos de percorrer!

¡Terra a Nosa!  
¡Viva a República!  
¡Viva Galiza!

Acalados os aprausos que a concurrencia tributou o irmán Rodríguez de Bretaña, ergueuse a falar o señor Embaixador da República Hespañola don Lois Nicolau D'Oliver; os comensales, postos de pé, tribútanlle unha quente ovación, que refrexaba o afeuto, admiración e prestixio de que goza isa outa figura do catalanismo. Visiblemente emo-

zonado, o señor Embaixador dixo afervoadas verbas de salutazón a Galiza e aos seus fillos fideles que no exilio a recordan, a enaltecen e labouran rexamente polas súas libertades. Asíalou coma a República, fidel ao Pacto de San Sebastián, abriu cauces as lexítimas aspiracións e craros dereitos dos diferentes povos da Hespaña i espresou a esperanza de que, o ser restaurada no territorio hespánol, ises cauces tráran de ampriarse e que, Galiza, terá de gozar das mesmas prerrogativas que teñan Euzkadi e Cataluña. Nova ovación lle foi tributada ao señor Embaixador D'Oliver cando finou o seu enxundoioso i elocuente discurso.

Dende ista ribeira do Río da Plata, folgámonos de lle enviar afervoadas felicitacións aos irmáns galeguistas de México polo éxito que tiveron na celebración do noso día patrio.

## Os Lobos da Xente

De novo os lobos da xente andan ceibes pola Terra: searas do chan brañego, verdes agros das ribeiras; a beiramar de feitizo. Galiza, Galiza inteira, da pata da besta inmundasintes, no chan, a manela. Coitados vellos petrucios! Coitadas naicinas vellas! Coitados orfos cativos! Coitadas mozas sinxelas! Coitado pobo galego! Coitada xente da aldeia! Ouh, coitada na Galiza! Ouh, coitada Terra Celta! Anda a zorrallo teu sangue e tes a carne maltráta e o corazón tes ferido polo dentamio das feras! Máis fada a que che botaron que se murchou túa colleita e a morte fai, nos teus fillos, seitura de xente esgrevia! O abrebre de liberdade afogou na soma mesta; e non cantan os malvives nas, outroras, ricas leiras.

e os alalás xa calaron nas, outrora gorgas ledas; e os aturuxos non ruben polas enfestas ladeiras; e só debulla a curuxa súa ladaña con teima; e soio o sapo asubia agachado na lameira; e só o moucho anda a levar conta de dores e penas.

De novo os lobos da xente andan ceibes pola Terra, pero agora son más feros, teñen a entrana más preta e más cubiza de sangue que os lobos da antiga lenda. Vein a centos, en falanxes, coma cobarde morea, mártires das nobres causas, xentes de concencia erguesta caien, de corte feridos, polas bocas sanguiniferas. De novo os lobos da xente corren ceibes pola Terra... lforación de sangue nobre e o ronsel da súa carneira!

NADEL

### O seu TRAXE

### O seu SOMBREIRO

### A sua CAMISA

### A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

# CELT

FEDERICO LACROZE 4086  
UNHA CASA  
ENTEIRAMENTE GALEGA

### Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

Pedro F. Darrigol

M. DE OCA 202 - 3º F.  
U. T. 28 - 9081

### NARCISO VIDAL (h) AGENTE OFICIAL KODAK

- Películas
- Radiográficas
- Accesorios
- Rayos X

PASTEUR 768 Bs. AIRES  
U. T. 47 - 4718

### Fernández y Hno. Sastrería para Damas y Caballeros

CONFECCIONES — CAMISERIA FINA

Maipú 1064

Teléf. 4896

Rosario

### Bar "QUITA PENAS"

— de —

VAZQUEZ y VAZQUEZ

Reservado para familias  
Servicio esmerado y  
económico

Gral. URQUIZA 602  
Frente al Hosp. Ramos Mejía

### Francisco Blanco



### CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR



AV. SANTA FE 1100

U. T. 41, Plaza 0278

Déspota insemitas,  
Força, forzado grillos;  
Pode optimar o forno,  
Un corpo enfraguado;  
Mais as nobres idéas,  
E gloriosos instintos...  
Eses... non pode, non o  
(dijo ferro,  
Nin a morte, entregaros!  
Eduardo VÁZQUEZ

# A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

Ano XXX ★

BOS AIRES, AGOSTO 1946

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

CORREO ARGENTINO  
Central B

FRANQUEO PAGADO

Concesión No. 2632

TARIFA REDUCIDA

Concesión No. 2727

Núm. 450

## Li, Daquéles que non Cumpran a Manda dos Mártires!

Por VÁZQUEZ DA XESTA

Atopámonos na mesma cima do cumio do vrán de 1936. Hai que acordar cedo para morhar o espírito no orbalo mañanceiro. Estouro de foguetes, repenique de campás, cantigas de romeros, misturados cos chíos dos carros que yan aos lugares de traballo.

O vrán en Galiza é festa e traballo. A aldea traballa cantando: a espadela, a esfolha, a malla, a saga e a vendima, son labouras coleitivas da aldea, que rematan nun punto de muiñeira, promisor d-algunha regueifa.

Cancións e traballo enchen o ceo galego de arrecendos a vida. As colleitas son o celme das esperanzas acochadas nas sementeiras, feitas realidade. I-a sementeira é a placenta mater que recolle no seu seo os aneicos dos xermolos, para develvelos en froito vital. A mesma paisaxe, na ceifa da sementeira, móstrase espida e receosa, tristeira e farumenta, coa responsabilidade de nai. As cancións da sementeira teñen un rito de prego, precursor do berce.

28 DE XUÑO. — Eispresións ledas, apretóns de máns, apertas, parabéns e olladas cheas de esperanzas nas distincións da nosa Terra. Galiza recobrouse a si mesma, despóis de catro séculos de asoballamento. A semente dos precursores froitificou vizosa.

A mocidade gallega traballa e pensa, canta e ri, segura de si mesma. Adequireu o peso específico que lle dá categoría de ser para existir como persoa. Atopou o camiño que a leva ao santuario da súa liberación. O que antes era idea, hoxe é realidade irrebatible. O sol deste vrán quenceu os espíritos e alumiou as conciencias. Un berro baril xurde do fondo do peito da nosa mocidade: Galiza para os gallegos!

Un povo que canta, —dixo o poeta— non morre.

O povo que traballa cantando é inmorrente!

Sen xenreiras nen odios, esquecendo aldraxes, co peito aberto ás millores ilusións, o povo galego, a súa elite, dispúnase a comezar a nova xeira para forxar seu propio destino. Unha nova Estrela, con lus propria, volve a ocupal-o posto que noutro tempo tivera a nosa Terra na constelación dos povos ceibes.

17 DE XULIO. — Ninguén podía maxinar que a vesantía dunha caste cativa de señoritos resentidos, espoñentes da ineititude mental, refugallo supervivente de preguiceiros e rémoras dunha clás que sempre viveu zugando o sangue do povo con instintos de cans doentes, fora nascida con formas humanas e poidera

acochar tanta maldade, tanto sadismo e tanta infamia.

¡Ninguén!

Aquela noite e as seguintes o povo non durmen. Vixiu. Outeaba polos horizontes e espreitaba o soar do vento. Intuía xa o vendaval que se aveciñaba e aprestouse a defender seus eidos.

O povo cumpreu, como sempre, co seu deber... ¡Quixéramos decí-lo mesmo d-aqueles que tiñan o timón nas máns e a obriga de guialo nas grandes decisións!

AGOSTO. — O enxendro da trición militar-clerical apreixou todo Galiza. Dende ese intre o povo galego ficou inírme, baixo os ferrollos das espingardas. Primeiro enhéronse as cadeas de xente inocente. O millor da nosa mocidade: o pensamento e o traballo, canto de decente había, foi amoreado detrás de reixas i entre catro paredes.

¡Unha longa noite de anguria deu comezo para Galiza!

Aldraxes, bágoas e sangue; inomiña, fame e flaxelo. Corpos enchagados a ferro quente. Almas sinxelas cautivas de corazóns entalados de friaxe e mentes masturbadas.

O ferro quente deixaba a marca nos corpos inxels e facía ceivar laios de infinda dórra ás gorxas inocentes; mais non tiña poder para eiitar os espíritos e luxar as almas transparentes... E foi, entón, como ese ixerto de señorito preguiceiro, crego vesánico e militar cobarde, dou comezo á monstruosa e arrepiante sementeira de cadávres que cobren todo o chan galego.


Non hai aldea sen mártires nem un ferrado de terra galega sen mollar en sangue enxebre. Non hai fogar sen loito, nen ollos que non deitan bágoas de merguranzas.

¡Unha xiada de dórra cobre todolos corazóns galegos!

Mais unha terra sementada de mártires froitifica herois. Ao longo da historia, os povos, viviron sempre do pensamento dos seus mártires.

CEN MIL MARTIRES GALEGOS vixían a nosa conduta. Eles son o alento, a fé i a esperanza do povo escravizado. A súa manda alumiará o vieiro da redención que xa se alvisca nun abrente próximo. E as xeracións vindeirias tecerán a historia cos fíos do martiroloxo dos BOS E XENEROSOS!

¡Ai, d-aquéles que non cumpran a manda dos Mártires!!



Nin o paraugas de Mr. Chamberlain (que no Limbo estea), nin as bágoas de Mr. Lebrum, nin as exhortacions do bon Mr. Roosevelt foron doadas pra convenceren a Hitler. Pro a Franco vano a convencer os señores do Consello da UN repetíndolle que non lle gustan o seu sistema de goberno. Os hispanos berrano a cotío dentro e fora de España. E xa se ve o resultado: detencións, cárcelles e penas de morte a eto.

En Barcelona acaban de ser detidos i-encaecados "20 individuos que trataban de organizar resistencia en contra do goberno".

Se poideren pasar, todolos días aparecerían nos xornates notizas como esa, que saíu nos de Bós Aires fai uns días. Elas probarián que os demócratas de España, facendo caso dos consellos de Inglaterra i-Estados Unidos, o que acadraría sería ir a parar todos a un campo de concentración.

Contra os réximes totalitarios só cabe unha resistenza interior: a das armas.

Don Anxel Ossorio, que sempre foi abogado — home de xustiza — ainda cando lle tocou facer de diplomático, soupo decir en todolos intres da súa vida o que il tiña por verdade. E, cando ainda os republicanos hispanos lle daban creto ós discursos dos laboristas británicos, esquiviu istas verbas:

"Isto de que Inglaterra seña unha grande democracia é un artigo de exportación pra encalatrar ós parvos. Inglaterra, en deradeira instancia, non é más que dúas cousas: a City e 'The Times'".

A liberdade, a xustiza, o traballo, a cultura dos povos, son, pra os estadistas ingreses — Chamberlain ou Attlee, tanto tenidezas moi axeitadas pra facer literatura. En realidá de verdade, a vida de unha nazón é, pra fíes, comercio, tráfico, economía

O Conde Sforza, ex monárquico, agora repubricán e representante especial da República Italiana polo mundo adiante, dixo que Mussolini non foi un criminal; foi sinxelamente un tarbucado.

E ten razón o conde repubricán. Mussolini trabucouse con Sforza e con outros dos que agora gobernan Italia. Non debeu deixalos fuxir. Debeunos aforcar.

Os mariñeiros que formaban a tripulación do buque "Galicia" foron escolleitos ante os más fideles ó réxime de Franco. Se non fose por iso o barco quedariase eiquí sen tripulantes. Como eran todos falanxistas escolleitos sómentes desertaron 80.

Un señor portugués, Sousa Costa, publicou no xornal "La Prensa" un mal artigo no que gaba a fermosura de Galiza, repetindo cousas ditas infindas veces, tantas que xa nos amola leelas. A nós amólanos sempre a erudición de segunda man iós mariñeiros galegos non saben ren de ises cachivaches de museo xuntadas e postas en vitrinas por Filgueira Valverde — treidor, papán i-eruditio. O que saben moi ben os mariñeiros galegos é que se teñen que rompel-a i-alma co mar pra que se fagan millonarios os Curbera, os Massó, os Albo... E pra que calisquera escribidor-turista faga e cobre unha crónica ruín enfiando verbas sober cousas de Galiza que, por moi repetidas, a ninguén lle importan nin miga.

### NO MERCADO:

- "Déame medio kilo de carne da aguila".
- "¿De cal quer?"
- "Da de tasa, da de 12 pesetas o kilo".
- "Non me queda".
- "E ten da de "straperlo"?"
- "Teño, sí, señora".
- "Boeno, déame de esa. ¿Cánto custa?"
- "Pra vostede, a 18 pesetas o kilo".

gallega, una Junta capaz, democrática, libre de toda influencia caciquil y que esté a la altura de la importancia adquirida por nuestra numerosa colectividad, que ya alcanzo una conciencia, una cultura y un poderío que están muy por encima de los caducos módulos caciques con que se dirige y aún se pretende seguir dirigiendo. Los tiempos reclaman

mayor eficacia y una clara limpieza de procedimientos. Por ello estamos otra vez en el llano, y desde él, seguiremos luchando con el denuedo que nos es característico.

Muy agradecidos a la atención del señor Director, le repetimos nuestra vieja y cordial estimación. — Constantino Saa, Presidente; Florencio Varela, Secretario.

### SOLICITADA

## A Agrupación "A Terra" se Dirixe aos Socios do Centro Gallego

Mr. Director de A NOSA TERRA (Capital). —

En la Asamblea realizada por esta Agrupación el día 29 de agosto próximo pasado, se resolvío, por unanimidad, romper los vínculos que la unión a la Agrupación "Celta" para el governo del Centro Gallego, y presentarse sola en las próximas elecciones a realizarse en el mes entrante.

Esta radical medida de nuestra AGRUPACION, obedece a la disconformidad con la forma poco seria en que se vienen administrando los enormes intereses de nuestra gran institución mutualista; con la ma-

nra como se resuelven los problemas inherentes a ella, que ha provocado una serie de luchas intestinas entre los miembros de su Directiva, y por la adhesión que la Junta del Centro Gallego le prestó a la embajada falangista, con motivo de la llegada del crucero "Galicia", al sumarse a los homenajes que los elementos totalitarios, antidemocráticos le rindieron, contraviniendo lo pactado en el año 1938, clara y explícitamente, y que, como es público y notorio, ha causado la indignación de la gran mayoría de los socios del Centro.

Nuestra AGRUPACION no

estos hechos anómalos y muchos más que expondremos en un próximo manifiesto, sereno y meditado, que dirigiremos a la masa electoral de nuestro Centro, con el motivo de informarla de los hechos acontecidos y que motivaron la enérgica resolución de la Asamblea de nuestra AGRUPACION.

Mientras tanto, nos dirigimos a los señores socios del Centro Gallego con la satisfacción y la dignidad que implica un deber bien cumplido, para pedirles se aunen en torno a la bandera democrática, honesta y eficaz de nuestra AGRUPACION, con el noble fin de llevar al gobierno de la gran entidad